



Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional

UNIÓN EUROPEA
UNÃO EUROPEIA



ESTRATEGIA DO RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO 2030



ESTRATEGIA DO RÍO MIÑO
TRANSFRONTEIRIZO 2030

Edición

Deputación de Pontevedra

Tradución

Elisabete Ramos

ISBN

978-84-09-16372-4

Depósito Legal

PO 674-2019

EQUIPO REDACTOR

Valerià Paül Carril (director do CEER/Universidade de Santiago de Compostela)

Xavier Martínez Cobas (Universidade de Vigo)

Manuel Rodríguez Rodríguez (CEER)

Lois Pérez Castrillo (Deputación de Pontevedra/AECT Rio Minho)

António Pereira Torres (AECT Rio Minho)

Bruno Caldas (CIM Alto Minho)

COMITÉ CIENTÍFICO ASESOR (UNIVERSIDADES DO CEER)

Sandrina Ferreira Antunes (Universidade do Minho)

Anxo Calvo Silvosa (Universidade da Coruña)

Francisco Carballo Cruz (Universidade do Minho)

José Alberto Rio Fernandes (Universidade do Porto)

Rubén C. Lois González (Universidade de Santiago de Compostela)

Helena Madureira (secretaria xeral do CEER/Universidade do Porto)

Carmen Villarino Pardo (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO COORDINADOR DO AECT RIO MINHO

Uxío Benítez Fernández (director do AECT Rio Minho)

João Fernando Brito Nogueira (vicedirector do AECT Rio Minho)

João Manuel do Amaral Esteves (vogal)

Montserrat Magallanes Álvarez (vogal)

EQUIPO TÉCNICO DO PROXECTO

Lucía Iglesias Rivas (Deputación de Pontevedra)

María Pilar Vence Santorum (Deputación de Pontevedra)

Marta Cimadevila Mosquera (Deputación de Pontevedra)

Noelia Pérez Gil (Deputación de Pontevedra)

Silvia Villar Rivera (Deputación de Pontevedra)

Sonia Pazos Simón (Deputación de Pontevedra)

Antía Pose García (CEER)

Breixo Martins Rodal (CEER)

María Rodríguez Gregori (CEER)

Maria Emília Bessa (CIM Alto Minho)

ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO CONSELLO CONSULTIVO DO AECT RIO MINHO

Administração de Região Hidrográfica do Norte (ARH) da Agência Portuguesa do Ambiente; Associação de Desenvolvimento Rural Integrado do Vale do Minho (ADRIMINHO); Aquamuseu do Rio Minho; Associação Nacional de Municípios Portugueses (ANMP); Asociación de Desenvolvemento Galiza Suroeste (EURURAL); Axencia de Turismo de Galiza; Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Tui; Capitania do Porto de Caminha; Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N); Confederação Empresarial do Alto Minho (CEVAL); Comandancia Naval do Miño; Confederación de Empresarios de Pontevedra; Confederación Hidrográfica Miño-Sil; Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Direção Regional de Cultura do Norte; Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea; Escola Superior Gallaecia; Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP); Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Condado Paradanta; Instituto Politécnico de Viana do Castelo; Servizo Provincial de Costas de Pontevedra; Turismo do Porto e Norte de Portugal; Universidade de Santiago de Compostela; Universidade de Vigo.

ÍNDICE DE CONTIDOS

PRÓLOGO DE UXÍO BENÍTEZ E FERNANDO BRITO NOGUEIRA	7
PRÓLOGO DE CARMELA SILVA	9
PRÓLOGO DE MANUEL JOAQUÍN REIGOSA	11
PRÓLOGO DE JOSÉ MARIA COSTA	13
1. INTRODUCCIÓN	15
2. PROCESO DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA	16
2.1 FASE INICIAL	16
2.2 FASE ANALÍTICA	17
2.3 FASE DE PARTICIPACIÓN CIUDADÁ	18
2.4 FASE DE ACTUALIZACIÓN	19
2.5 SÍNTESE DO TEXTO DEFINITIVO	20
3. CONTEXTO TERRITORIAL	20
3.1 A UNIÓN EUROPEA	22
3.2 A EURORREXIÓN GALIZA-NORTE DE PORTUGAL	23
4. ANÁLISE TERRITORIAL	26
4.1 POBOACIÓN	26
4.2 ESTRUCTURA ECONÓMICA E MERCADO DE TRABAJO	32
4.3 MOBILIDADE	36
4.4 PROGRAMAS DE SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS CONXUNTOS EXISTENTES DE CARÁCTER TRANSFRONTEIRIZO	38
4.5 RECURSOS NATURAIS	39
5. DIAGNÓSTICO TERRITORIAL	44
6. PLAN DE ACCIÓN	46
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	51
DOCUMENTOS ESTRATÉGICOS ANALIZADOS E LEXISLACIÓN COMUNITARIA CITADA	53
ORGANISMOS ESTADÍSTICOS CONSULTADOS	55

Oportunidades e retos dun territorio común

O Río Miño Transfronteirizo é un espazo cun rico patrimonio lingüístico, arqueolóxico, arquitectónico, cultural e medioambiental común, cunha historia propia a cabalo entre Galiza e Portugal. Porén, o seu papel como fronteira confinouno durante séculos a estar lonxe dos centros de poder e decisión dos estados, relegándoo a un segundo plano e mingando o seu desenvolvemento socioeconómico.

A Europa sen fronteiras abriu un novo tempo de oportunidades. Hoxe en día o Río Miño Transfronteirizo é un territorio cun enorme potencial e unha situación estratéxica grazas ao seu emprazamento entre as dúas grandes áreas metropolitanas de Vigo e Porto. Trátase da fronteira máis poboada entre España e Portugal, a máis transitada dentro da península ibérica e conta con múltiples posibilidades de rendemento económico a partir dos sectores marítimo pesqueiro, agrícola ou turístico.

Pero aínda son moitos os desafíos aos que facer fronte. A persistencia de barreiras legais e administrativas en cuestións de mobilidade transfronteiriza, a ausencia dunha estratexia definida para o turismo sustentábel, a dificultade para dar resposta a ofertas de emprego cualificado, o despoboamento nas zonas interiores, o forte avellentamento ou a emigración, entre outros, representan importantes retos para as institucións públicas.

Co obxectivo de contribuír o desenvolvemento e reforzar a cohesión social e económica do territorio nace, o 24 de febreiro de 2018, o Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza Río Miño (AECT Río Minho), integrado pola Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho, do que forman parte 26 concellos e cámaras municipais de Galiza e Portugal. O AECT Río Minho desenvolve diferentes accións dirixidas a articular ese espazo común, fomentar as relacións institucionais, promover as relacións de cooperación e pór en valor o territorio.

A elaboración da Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030, como principal acción dentro do proxecto de cooperación europea Smart Minho, supón un fito na cooperación galego - portuguesa en moitos sentidos. A pesar da longa tradición de cooperación entre ambas marxes do río e de existiren estudos estratéxicos sobre cada unha delas de forma independente, por primeira vez, ponse en marcha un traballo de profunda análise económica, social e política do territorio, entendendo o río como o elemento que vertebra esta área xeográfica, e non como unha fronteira.

A estratexia Río Miño 2030 supón un avance esencial para a planificación da futura da Cooperación Transfronteiriza entre o sur da provincia de Pontevedra e o Norte de Portugal, onde xa se leva a traballar conxuntamente e con resultados moi positivos dende hai anos. Contar cun documento coma este, cun verdadeiro estudo do territorio, no que se recoñezan as súas debilidades e fortalezas, permitirá deseñar conxuntamente un plan de accións futuro.

Por outra parte, este traballo abre as portas á posibilidade de formular unha iniciativa innovadora por parte dos actores sociais e institucionais do territorio: o deseño e implementación dun Investimento Territorial Integrado (ITI) de carácter transfronteirizo. Unha ferramenta vital para o éxito dunha Europa intelixente, sustentábel integradora que garanta a maior eficacia á hora de xestionar fondos europeos destinados ao territorio. O territorio do río Miño conta xa con todos os requisitos necesarios para a súa posta en marcha: unha estratexia de desenvolvemento integrada, un paquete de accións, e acordos de goberno que permitan xestionar esta ferramenta.



Non podemos deixar de aproveitar esta oportunidade para agradecer á equipa da Fundación Centro de Estudos Euroregionais Galiza-Norte de Portugal, da CIM Alto Minho, da Deputación de Pontevedra e do AECT Rio Minho, polo traballo en colaboración e esforzo realizado para manter este proceso vivo e dinámico, ben como a todas as entidades e persoas que participan neste camiño.

Uxío Benitez Fernández

Director do AECT Rio Minho
e deputado de Cooperación Transfronteiriza

Fernando Brito Nogueira

Vice-Director do AECT Rio Minho

O Miño, a raia que nos une

O río Miño é a fronteira natural entre Galiza e o norte de Portugal, que, lonxe de separarnos, conforma a espiña dorsal dun territorio común ás dúas beiras, con estreitos lazos históricos, linguas irmás, un patrimonio cultural de gran valor e un enorme potencial económico e turístico por desenvolver.

A raia constitúe un espazo dinámico no que o sur da provincia de Pontevedra e o norte luso colaboran intensamente. Rexistra a maior mobilidade laboral de toda a fronteira hispano-portuguesa e as e os habitantes, independentemente do seu país de residencia, viven unha realidade compartida. Constatase unha clara e permanente vontade de cooperación e por iso resulta fundamental vehicular, a través do traballo conxunto, un desenvolvemento coherente e unitario.

Con este obxectivo configurouse a Estratexia Río Miño Transfronteirizo 2030, instrumento englobado no proxecto Smart Minho e froito da implicación dos actores máis relevantes do territorio, desde as administracións ata as universidades, as expertas e expertos, e a propia cidadanía, que participou activamente coas súas achegas e suxestións.

A Deputación de Pontevedra, a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM) e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER), coa incorporación posterior da Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Río Minho), promoveron unha iniciativa de cooperación chamada a marcar a axenda da vindeira década na mellora da integración territorial e na promoción do espazo transfronteirizo.

Os 26 municipios que conforman este proxecto, dezaseis galegos e dez portugueses, encaran novas oportunidades e desafíos no seu futuro a medio prazo. O minucioso traballo de documentación desta Estratexia 2030 e o seu excelente diagnóstico serviron de base para establecer accións en distintos eidos, que favorecerán, sen dúbida algunha, unha planificación coordinada. É imprescindible ter en conta as conclusións e propostas deste documento, que abarcan desde os servizos municipais compartidos ata a promoción turística conxunta, a mobilidade e a conservación do territorio.

As administracións temos a responsabilidade de liderar este proceso de colaboración e implantar un modelo de crecemento sustentable arredor do río Miño, consolidando o territorio como un referente na cooperación transfronteiriza europea. Temos un gran potencial e debemos traballar arreo para plasmalo en feitos.

Compartimos pasado desde a época romana, o Camiño de Santiago foi no medievo un nexo de unión entre os dous pobos, e as infraestruturas de comunicación vertebraron o territorio. O río Miño foi xerador natural de riqueza e testemuña omnipresente dos feitos históricos e do noso progreso. Agora, escribamos o noso futuro xuntos. Esta Estratexia 2030 é a folla de ruta idónea para alcanzar este obxectivo.

Carmela Silva Rego

Presidenta da Deputación de Pontevedra

Prólogo do presidente do CEER

O CEER constitúe un partenariado con máis de tres lustros de historia que reúne as seis universidades públicas de Galiza e do Norte de Portugal. Desde os seus inicios, actuou como plataforma estábel para o fomento do traballo conxunto entre as universidades que o conforman, para o cal acadarmos proxectos interuniversitarios de cooperación territorial europea (INTERREG) foi capital. Neste libro preséntase a síntese dos resultados dun destes proxectos INTERREG: SMART MINHO, activo entre 2017 e 2019. Nel, o CEER contribuíu a elaborar unha estratexia territorial integrada co horizonte 2030 para o Río Miño, espazo de cooperación emerxente entre as dúas beiras da raia húmida.

Para o CEER e as súas universidades resulta non só un privilexio, senón un deber, participar nos procesos activos na sociedade nos que se debate sobre o presente e o futuro dos territorios da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, da súa economía, do seu medio ambiente, da súa poboación, etc. Neste sentido, este non foi un proxecto máis. En efecto, permitiu fundamentar unha estratexia compartida e participada para que o territorio conte cunha ferramenta deseñada para maximizarmos o seu potencial cara ao próximo período comunitario 2021-2027. A universidade foi reclamada para liderar o proceso polos outros parceiros do proxecto (en orixe, a Deputación de Pontevedra e a CIM Alto Minho, logo tamén o AECT Rio Minho), aos que agradecemos a confianza, e desexamos que quen lea este volume quede satisfeito cos resultados obtidos.

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Reitor da Universidade de Vigo e Presidente da Fundación CEER en 2018-2019

Estratexia Río Minho 2030

O Alto Minho ten un mercado de proximidade con máis de 3,5 millóns de persoas a menos de 60 minutos e abrangue as áreas metropolitanas do Porto e de Vigo, ademais do eixe urbano Braga-Guimarães.

Á súa vez, a fronteira do Alto Minho é, non só claramente a zona máis densamente poboada da fronteira entre Portugal e España, senón a que rexistra o maior número de fluxos, un 47 % dos movementos de vehículos lixeiros entre os dous países.

É importante tamén mencionar que Galiza é hoxe o principal cliente portugués en España, sendo cada vez máis un fenómeno de integración transfronteiriza na península ibérica. En 2016, o último ano con datos dispoñíbeis, as importacións de Portugal de bens provenientes de Galiza atinxiron, a prezos correntes, o valor de 2,5 mil millóns de euros, mentres as exportacións de Portugal para Galiza atinxiron cerca de 2 mil millóns de euros.

A importancia do mercado español na economía do Alto Minho repercute, non só nos intercambios comerciais, senón no peso do turismo galego na rexión. Segundo datos do Instituto de Estudos Turísticos de Galiza (IET), en 2009 as pernoitas das e dos galegos en establecementos hoteleiros portugueses representaron cerca do 30 % das pernoitas totais de españolas e españois. Hai tamén datos impresionantes da utilización do aeroporto do Porto por parte das e dos galegos. A esta realidade contribúen moito a proximidade xeográfica e a promoción deste destino xunto coa rexión veciña, “o destino Portugal é comercializado por 10 operadoras e operadores turísticos de Galiza, sete dos cales están situados na provincia de Pontevedra” (cfr. Estratexia Alto Minho 2020).

Hai que engadir aínda que o territorio do Alto Minho dispón na súa área de influencia de 60 minutos dunha notábel rede rexional de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico (Porto, eixe Braga-Guimarães e sur de Galiza), que abrangue, por exemplo, o INEGI, o INESC, o CEEIA (automóbil), o INL (nanotecnoloxía), a Fraunhofer, o I3S (saúde), o PIEP (polímeros), a CETMAR (Vigo-Galiza), o CTAG Automóbil (O Porriño-Galiza) ou a CETNAGA Naval (Vigo-Galiza).

A nivel da Unión Europea, o Alto Minho pode beneficiarse do seu posicionamento xeográfico, coa afirmación no contexto do Arco, Espazo ou Eixe Atlántico e da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, promovendo a integración e a cohesión económica e social en dominios relacionados con iniciativas locais e rexionais conxuntas (transfronteirizas) ou coas prioridades europeas (transnacionais), con especial atención ás conexións ferroviarias no eixe interrexional Porto-Valença-Viana do Castelo-Vigo-Santiago de Compostela.

O Alto Minho encóntrase, deste xeito, ben posicionado para intermediar nun proceso de apertura e de articulación estreita entre Portugal e España, vía Norte-Galiza, que revise a expresión económica e o maior vínculo nos procesos (xa existentes, mais relativamente espontáneos) de interpenetración de usos, costumes e hábitos culturais que se fan sentir nos territorios á beira do río Minho, entre os concellos portugueses e as provincias galegas.

Neste contexto, os futuros programas de cooperación transfronteiriza Portugal-España deben reforzar o seu enfoque exclusivo nas NUTS III transfronteirizas, recentrándose nas rexións obxectivo que lle deron a súa matriz, polo que a Estratexia Río Minho Transfronteirizo 2030, promovida pola CIM Alto Minho en

colaboración coa Deputación de Pontevedra e coa Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galiza-Norte de Portugal, constitúe unha contribución importante para a dinamización das relacións transfronteirizas de proximidade na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, en particular para a mobilización de investimentos de base no próximo período de programación de fondos comunitarios.

José Maria Costa

Presidente do Consello Intermunicipal da CIM Alto Minho

1 / INTRODUCCIÓN

Este documento achega unha síntese da Estratexia para o territorio do Río Miño Transfronteirizo no horizonte 2030. Esta formulouse entre 2017 e 2019 tendo en conta os marcos comunitarios, tanto estratéxicos coma orzamentarios e doutro tipo, do período 2014-2020 e as perspectivas para o próximo período 2021-2027, así como todo o proceso de prolongada reflexión estratéxica acontecido en Galiza-Norte de Portugal (de agora en adiante, a Eurorrexión). A Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030 resulta novidosa tanto polo seu alcance como polo ámbito territorial no que opera: de escala local intermedia, supramunicipal e inferior ao conxunto eurorrexional.

Ante todo, esta Estratexia 2030 pretende mellorar o grao de integración territorial e o atractivo e promoción do Río Miño Transfronteirizo na perspectiva do seu desenvolvemento territorial e na procura do benestar e a calidade de vida da súa poboación, así como do fomento do emprego e da inclusión social. De forma específica e sistemática, coa elaboración deste documento perseguíuse tamén o seguinte:

- Contar cunha estratexia integrada e transfronteiriza con vistas ao uso sustentábel dos recursos endóxenos, nomeadamente os relacionados co río Miño, de xeito que este se convirta no vector central do desenvolvemento territorial.
- Involucrar axentes privados e públicos multinivel no proceso estratéxico.
- Promover a participación cidadá, co obxectivo de construír tanto o diagnóstico territorial como a compoñente propositiva.
- Identificar os obxectivos estratéxicos para o territorio.
- Dotar o territorio dun marco estábel que posibilite a planificación e os investimentos a medio prazo.
- Achegar un marco coherente que permita apoiar a preparación de proxectos concretos para os diferentes instrumentos de financiamento dirixidos á cooperación transfronteiriza no próximo período de financiamento comunitario (2021-2027).

A Estratexia 2030 é o principal produto do proxecto Smart Minho, cofinanciado nun 75 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2014-2020 (POCTEP 2014-2020), en concreto no seu eixo 4, destinado á mellora da capacidade institucional e eficiencia da Administración pública a través da cooperación transfronteiriza. Promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra (institución beneficiaria principal), a Comunidade Intermunicipal (CIM) do Alto Minho e a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER), durante a implantación do proxecto constituíuse, a comezos de 2018, o Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial (AECT Río Minho), que tamén pasou a participar nel. Para este organismo, a Estratexia 2030 actúa de axenda de acción para os próximos anos.

Este documento escolma os contidos máis relevantes da Estratexia 2030. Despois de revisar as fases cronolóxicas seguidas e os métodos empregados para a súa consecución achégase un apartado de contexto territorial que permite situar o Río Miño Transfronteirizo no marco europeo, focalizado en particular nos contextos transfronteirizos e no seo da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. A continuación sintetízase a análise realizada das cuestións temáticas chave do territorio abranguido, á que lle segue un resumo dos diagnósticos estratéxicos resultantes dos traballos desenvolvidos. Na última sección amósase o plan de acción acadado, que se estrutura en eixos estratéxicos, liñas de acción e obxectivos.

En definitiva, a Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030 non se esgota co traballo de redacción de dous anos das universidades públicas da Eurorrexión e das administracións públicas implicadas, senón que pretende ser a porta a un proceso estratéxico continuado, a medio prazo, que permita activar o territorio transfronteirizo nunha lóxica unitaria e coherente. Isto pasa, sen dúbida, porque múltiples actores, alén das institucións promotoras, se sintan non só partícipes senón corresponsábeis da execución deste documento, o que se quixo acadar mediante un proceso participativo intenso que se desenvolveu en paralelo á súa confección, con múltiples retroalimentacións.



A Estratexia 2030 constitúe, polo tanto, unha ferramenta dinámica que procura artellar as accións futuras no territorio do Río Miño Transfronteirizo e que liga a consecución do seu éxito á complicidade da sociedade civil.

A Estratexia 2030 é unha axenda de acción para fomentar a integración, o desenvolvemento, a sustentabilidade, o atractivo, a cohesión e a promoción do Río Miño Transfronteirizo

2

PROCESO DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

Entre o outono de 2017 e o inverno de 2019 desenvolvéronse distintas fases de traballo, sempre coa premisa compartida polas tres entidades promotoras (Deputación de Pontevedra, CIM Alto Miño e CEER), mais o AECT Río Minho cando este se constituíu en febreiro de 2018, de que se debían implicar todos os actores territoriais, e a sociedade civil en xeral, ao longo de todo o proxecto. Así, o proceso partiu dunha rolda de entrevistas con responsábeis municipais que permitiu tomar o pulso do territorio desde a escala local e, de forma sucesiva, fóronse incorporando outros mecanismos participativos que abrangueron distintas instancias sociais, culturais, políticas e económicas presentes no territorio.

O programa de traballo, o calendario de execución e as fases de participación decidíronse no outono de 2017 por acordo dos tres beneficiarios do proxecto Smart Minho. O equipo redactor foi o encargado de executar a programación, co apoio dos equipos técnicos pertencentes aos tres socios. Para garantir a

calidade científica e académica do proceso, o CEER contactou con persoas expertas das universidades públicas eurorrexionais, que conformaron o Comité Científico Asesor, o cal desenvolveu uns roles que serán explicados deseguido. Desde a súa constitución, o Consello Coordinador do AECT Río Minho asumiu a función de liderado político do proxecto.

2.1 FASE INICIAL

Primeira rolda de xuntanzas coas alcaldes e os alcaldes

A finais do outono de 2017 as e os técnicos asignados ao proxecto por cada unha das entidades participantes levaron a cabo conxuntamente cinco visitas a entidades locais contiguas, ás dúas marxes do Miño, que posúen unha experiencia propia de cooperación territorial, nalgúns casos mesmo de prestación conxunta de servizos. Nelas realizáronse entrevistas en profundidade e recollida de información de base (documentos, estatísticas etc.) que se empregou en fases posteriores. As entrevistas leváronse a cabo a través dun guieiro consistente nunha batería de preguntas, co obxectivo de coñecer os problemas e as propostas de cada realidade transfronteiriza. As datas concretas e os participantes nas xuntanzas foron os seguintes:

- 30 de novembro de 2017: Cerveira–Tomiño
- 11 de decembro de 2017: Valença–Tui
- 12 de decembro de 2017: Monção–Salvaterra–As Neves
- 14 de decembro de 2017: A Guarda–Caminha–O Rosal
- 21 de decembro de 2017: Melgaço–Arbo

Considerouse necesario partir das distintas realidades locais para fundamentar a construción dunha lectura supramunicipal, nun proceso de natureza participativa-ascendente. Deste xeito, a Estratexia do Río Miño Transfronteirizo 2030 pretendeu conxugar de entrada as condicións xerais do conxunto territorial coas especificidades de cada unha das partes que o compoñen.

Achegas do Comité Científico Asesor

En paralelo, desenvóléronse sesións de traballo con catro expertos do Comité Científico Asesor, para deste xeito obter visións que foron útiles en fases sucesivas, acerca de:

- Economía innovadora e sustentábel (Dr. Anxo Calvo, Universidade da Coruña)
- Mobilidade, servizos compartidos e turismo (Dr. Rubén Camilo Lois, Universidade de Santiago de Compostela)
- Comercio tradicional, feiras e cultura (Dr. José Alberto Rio Fernandes, Universidade do Porto)
- Diagnóstico do territorio baseado en actividades produtivas (Dr. Francisco Carballo, Universidade do Minho)

Primeiro borrador do plan de acción

Como conclusión dos traballos desta primeira fase o equipo redactor elaborou un primeiro borrador para o plan de acción, estruturado en eixos estratéxicos, liñas de actuación, obxectivos e proxectos. Este plan de acción foi reformulado a posteriori, mais valeu para enmarcar a fase subseguinte de participación cidadá.

2.2 FASE ANALÍTICA

Análise de documentos estratéxicos

Na primavera de 2018 o CEER analizou documentos considerados estratéxicos para fundamentar adecuadamente este documento¹. Por escalas, sitúanse en catro niveis:

- A **Unión Europea**, tanto regulamentos comunitarios como documentos marco de carácter indicativo considerados de interese. Cómpre facer unha mención especial ás propostas de regulamentos para o período 2021-2027 que se coñeceron en maio de 2018 para os distintos fondos comunitarios, a cooperación territorial e o novo mecanismo deseñado para superar os obstáculos xurídicos e administrativos nun contexto transfronteirizo, que foron incorporados no proceso estratéxico.

- **A cooperación transfronteiriza España-Portugal.**

- **O conxunto eurorrexional.**

- **Partes do territorio do Río Miño Transfronteirizo** para as que existen plans estratéxicos integrais ou sectoriais (turismo, desenvolvemento rural etc.). Na súa análise chegouse á conclusión de que o ámbito territorial do Río Miño Transfronteirizo resulta pertinente para poder vehicular as diferenzas detectadas na forma de aproximarse a idénticas cuestións a ambas as marxes da fronteira, por exemplo no relativo ao turismo.

Neste sentido, a Estratexia parte dunha avaliación dos antecedentes estratéxicos do período 2014-2020 e proxéctase, con carácter pioneiro, para o período 2021-2027. A toma en consideración destes documentos permite incorporar os consensos e os procesos participativos de distinta natureza desenvolvidos en cadansúa formulación. Nesta síntese non se recollen os resultados desta análise documental que, no entanto, constitúe un dos principais sustentos do plan de acción definitivo.

Análise estatística e documental

Para a fundamentación desta Estratexia 2030 o CEER realizou un traballo de análise a partir do baleirado exhaustivo das fontes estatísticas comparábeis dispoñíbeis (nomeadamente de Eurostat, dos institutos nacionais de estatística de España e de Portugal e do Instituto Galego de Estatística), así como unha síntese da bibliografía temática relevante no proceso estratéxico, en especial a relativa ao río Miño e ao seu patrimonio asociado. Nesta publicación os apartados 3 e 4 resumen sucintamente a investigación realizada neste sentido.

Esta análise e mais un texto desenvolvido ad hoc sobre dinámicas de cooperación territorial europea (que non aparece publicado nesta síntese) permitiron reformular tanto o diagnóstico como o plan de acción propostos na fase anterior. O documento resultante constituíu o borrador da Estratexia 2030 presentado no I Foro do Río Miño Transfronteirizo.

¹ Atópanse no apartado final de documentos estratéxicos analizados e na lexislación comunitaria mencionada.



A Estratexia 2030 parte dos antecedentes estratéxicos do período comunitario 2014-2020 e proxéctase, de forma pioneira, para o futuro período 2021-2027

- 24 de setembro de 2018 (Tui): gobernanza
- 27 de setembro de 2018 (Valença): cultura e comercio tradicional
- 3 de outubro de 2018 (Valença): mobilidade, servizos compartidos e turismo
- 8 de outubro de 2018 (Tui): sectores produtivos

O número de asistentes foi de 94. Destas mesas xurdiron diversas propostas concretas que se incorporaron ao plan de acción.

2.3 FASE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

I Foro do Río Miño Transfronteirizo

O evento tivo lugar o 21 de xuño de 2018 en Valença co obxectivo de presentar o primeiro borrador da Estratexia 2030 e contou cunha asistencia global de 82 persoas. Durante a xornada desenvóléronse catro mesas sectoriais, en función da estrutura do borrador do diagnóstico e do plan de acción, coordinadas por membros xa citados do Comité Científico Asesor mais a Dra. Sandrina Ferreira Antunes (Universidade do Minho). Os resultados destas mesas en forma de resumos e vídeos subíronse á páxina web www.smartminho.eu a finais de xuño de 2018 para comezar coa participación en liña.



Xuntanzas das mesas sectoriais

Co obxectivo de darlle continuidade ao traballo iniciado durante o I Foro do Río Miño Transfronteirizo, as catro mesas temáticas volvéronse reunir despois do verán de 2018. Os distintos debates foron animados de novo por membros xa citados do Comité Científico Asesor mais a Dra. Carmen Villarino e o Dr. Valerià Paül (ambos os dous da Universidade de Santiago de Compostela):



Segunda rolda de xuntanzas coas alcaldesas e os alcaldes

Un ano despois da primeira rolda desenvolveuse unha segunda xa co borrador da Estratexia 2030 e coas achegas do proceso participativo en marcha. Fundamentalmente revisáronse as ideas tratadas nas entrevistas de 2017 e incorporáronse novidades de distinto tipo. Pretendeuse deste xeito que o diálogo cos representantes locais implicados directamente nas dinámicas de cooperación transfronteiriza posibilitase un alto grao de lexitimación política do proceso estratéxico. As datas concretas e os participantes nas xuntanzas foron os seguintes:

- 2 de outubro de 2018: Valença-Tui
- 10 de outubro de 2018: Monção-Salvaterra-As Neves
- 11 de outubro de 2018: Melgaço-Arbo-Crecente
- 16 de outubro de 2018: A Guarda-Caminha-O Rosal
- 25 de outubro de 2018: Cerveira-Tomiño

Participación a través da páxina web

No verán de 2018 abriuse o proceso de participación cidadá a través da web www.smartminho.eu, que recibiu máis de 1.000 visitas até outubro de 2018,

cando se deu por pechada esta fase. Levouse a cabo un destacado esforzo comunicativo para que a cidadanía accedese a esta canle participativa e puidese expresar a súa opinión sobre a Estratexia 2030. Deseñáronse tres mecanismos paralelos de participación:

- Sobre as conclusións das mesas temáticas realizadas durante o I Foro (en texto e en vídeo), fomentábase enviar achegas que permitiron matizar, cambiar, modificar e confirmar os contidos. Estes documentos tamén valeron de base para o debate das mesas temáticas que se produciu en paralelo.
- Sobre o documento do borrador, subido de forma integral á páxina web, tamén se procuraba un retorno en forma de achegas. Recibíronse comentarios puntuais relativos a omisións, grallas e aspectos a mellorar, entre outros.
- Unha enquisa web, que pretendía, a través de preguntas específicas, detectar a complicidade social cos eixos estratéxicos, as liñas de actuación e os proxectos e obxectivos contidos no borrador da Estratexia 2030. Os resultados posibilitaron calibrar distintos graos de consenso cidadán ao respecto.

Xuntanzas con outros actores territoriais e institucionais

Durante o outono de 2018 tiveron lugar tamén outras xuntanzas con actores relevantes do territorio, ou con incidencia directa nel, para obter visións territoriais pertinentes en relación coa configuración definitiva da Estratexia 2030, entre elas:

- 7 e 8 de novembro de 2018: Pacto dos Alcaldes sobre o Clima e a Enerxía; Comité das Rexións; Dirección Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL) e Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO)
- 9 de novembro de 2018: Grupo de Desenvolvemento Rural O Condado–A Paradanta, Asociación de Desenvolvemento Galiza Suroeste (Eu Rural) e Associação de Desenvolvemento Rural do Minho (ADRIMINHO)
- 20 de novembro de 2018: AECT Galiza-Norte de Portugal e Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galiza
- 22 de novembro de 2018: Capitania do Porto de Caminha
- 23 de novembro de 2018: Comandancia Naval do Miño en Tui

Fican grupos de interese locais cuxas visións non foron, por falta de tempo, recollidas. Porén, enténdese que a Estratexia 2030 é un proceso aberto e que, con posterioridade a esta publicación, se poderán incorporar outras perspectivas e suxestións.

2.4 FASE DE ACTUALIZACIÓN

Incorporación das suxestións propostas e redacción final

A finais de outono de 2018 o equipo redactor actualizou o documento en borrador coas achegas da fase participativa. Para tal efecto, modificáronse especialmente os apartados de diagnóstico e plan de acción para adecualos aos debates mantidos e ás suxestións recibidas. Isto implicou reformular a arquitectura xeral da parte propositiva, con cambios como darlle maior importancia ao turismo, reforzar a axenda cultural transfronteiriza e a cuestión da sustentabilidade e incorporar explicitamente a necesidade de xestionar os custos de contexto fronteirizo (en temas educativos, sanitarios, de emerxencias etc.), independentemente de quen teña a competencia neles.

O II Foro do Río Miño Transfronteirizo en novembro de 2018 culminou un intenso período de cinco meses de participación a través de distintos mecanismos

II Foro do Río Miño Transfronteirizo

O evento tivo lugar o 29 de novembro de 2018 en Goián (Tomiño) co obxectivo de presentar o documento estratéxico reformulado mediante relatorios que incidiron nos contidos definitivos e nas modificacións introducidas, así como nos resultados específicos das distintas mesas temáticas desenvolvidas ao longo do outono, coa presenza do Comité Científico Asesor. Foi a última oportunidade para obter un retorno cidadán. Contou cunha asistencia global de 70 persoas.



2.5 SÍNTESE DO TEXTO DEFINITIVO-



Logo da síntese das conclusións dos debates xurdidos no II Foro, a comezos de 2019 o equipo redactor pechou o texto definitivo, que se debateu en varias xuntanzas co Consello Coordinador do AECT Río Minho en xaneiro e febreiro de 2019. Este texto enviouse a todos os concellos implicados en marzo de 2019 e debateuse no Consello Consultivo do AECT Río Minho o 4 de abril de 2019: houbo un prazo de quince días para alegacións finais. Esta publicación, en portugués e galego, sintetiza o documento acadado para que sexa manexábel e operativo.

Cómpre puntualizar que se acordou eliminar desta versión a lista de 40 propostas específicas que figura no plan de acción do documento completo. Trátase dunha batería de medidas susceptible de cambios inmediatos este mesmo 2019 e ao longo de 2020, a medida que se vaian asentando os marcos políticos e orzamentarios para o período 2021-2027, nestes momentos incertos. Por iso, e con vocación de estabilidade para a próxima década, óptase por publicar só os eixos estratéxicos, as liñas de acción e os obxectivos da Estratexia 2030 tal e como quedan definitivamente configurados.

3

CONTEXTO TERRITORIAL

O territorio do Río Miño Transfronteiriço constitúe un ámbito estruturado ao redor do treito final do río máis importante do noroeste peninsular, que coincide coa fronteira occidental entre Galiza e Portugal. Desde a foz do Troncoso no Miño, polo leste, até a foz do Miño no océano Atlántico, polo oeste, as augas discorren por pouco máis de 75 km de percorrido,

dos cales os últimos 35 km, desde Valença-Tui, son considerados xa esteiro, con variacións mareais e aptos para a navegación. Así, río e fronteira, fronteira e río, conforman o vector principal do territorio. A Estratexia 2030 desenvólvese para o Río Miño Transfronteiriço, mais non pode ignorar os marcos máis abrangentes nos que se insire este territorio e que, precisamente, explican en gran medida as súas actuais dinámicas:


- A **Unión Europea**, que, desde que inclúe directamente este territorio (en 1986 os dous estados ibéricos entraron na daquela Comunidade Europea), propicia a superación da fronteira e a aparición dun marco de cooperación de escala continental que tamén se manifesta na emerxencia dunha cooperación a nivel local, ao redor da fronteira.
- O conxunto **Galiza-Norte de Portugal**, popularmente coñecido como **Eurorexión**, que responde a un pasado compartido (a Gallaecia romana e altomedieval), mais que na actualidade, superadas as fronteiras institucionalizadas nos tratados de límites e de demarcación de finais do século XIX e comezos do XX, caracterízase por un funcionamento territorial integrado. Isto vai alén da cooperación político-administrativa formalizada e abrangue dimensións como a economía, a mobilidade ou o emprego.

Cómpre indicar que o territorio do Río Miño Transfronteiriço inclúe os 26 concellos seguintes:

- En **Galiza**, 16 concellos do sur da provincia de Pontevedra (provincia que, en nomenclatura estatística europea, é territorio de nivel NUTS III): A Cañiza, A Guarda, Arbo, As Neves, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Oia, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui.
- No **Norte de Portugal**, os 10 concellos que conforman o distrito de Viana do Castelo (a NUTS III do Alto Minho): Arcos de Valdevez, Caminha, Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Ponte da Barca, Ponte de Lima, Valença, Viana do Castelo e Vila Nova de Cerveira.

O Río Miño Transfronteiriço inclúe 16 concellos do sueste de Galiza e o Alto Minho

TERRITORIO DO RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO



- | | | | |
|---------------------|----------------------|-----------------------|--------------------------|
| 1 Arbo | 8 Melgaço | 15 Ponte da Barca | 22 Tomiño |
| 2 Arcos de Valdevez | 9 Monção | 16 Ponte de Lima | 23 Tui |
| 3 Caminha | 10 Mondariz | 17 Pontearreas | 24 Valença |
| 4 A Cañiza | 11 Mondariz-Balneiro | 18 O Porriño | 25 Viana do Castelo |
| 5 Covelo | 12 As Neves | 19 O Rosal | 26 Vila Nova de Cerveira |
| 6 Crecente | 13 Oia | 20 Salceda de Caselas | |
| 7 A Guarda | 14 Paredes de Coura | 21 Salvaterra de Miño | |

3.1 A UNIÓN EUROPEA²

A **poboación** dos **27 países da Unión Europea** (UE27), sen o Reino Unido, é de 446 millóns de habitantes (2018), o 6 % do total planetario. Porén, o **produto interior bruto** representa unha porcentaxe moito maior: o 19,5 % global, tamén restando o Reino Unido. Despois dos Estados Unidos, constitúe a **segunda economía do mundo**; considérase a área de integración económica e política entre distintos países máis grande do planeta.


Dentro da Unión Europea (UE), a **Eurorrexión** representa o 1,4 % da poboación da UE27 en 2018. Ocupa, no entanto, o 1,2% do territorio desta, o que indica que a densidade de poboación é comparativamente maior á media comunitaria. Achega o 0,9 % do PIB da UE27 (dato de 2017); isto último evidencia que o seu peso económico na UE é inferior ao demográfico.

Na UE exprésase de forma estándar a **converxencia no tempo das economías rexionais e nacionais** calculando a porcentaxe do seu PIB per cápita en relación coa media comunitaria. Para cada ano achégase ese dato, o que permite distribuír os fondos de cohesión en función da situación dos distintos territorios da UE. Segundo se pode ver no gráfico adxunto, realizado en relación coa UE27 (sen o Reino Unido), a Eurorrexión presenta un comportamento diferencial ás dúas beiras da fronteira:

- **Galiza** protagonizou na década de 2000 unha converxencia cara á media comunitaria a maior velocidade que o conxunto da economía española e chegou a situarse no 85 % en 2009. Porén, os efectos da crise post-2007 implicaron unha caída até menos do limiar do 75 % (clave até o de agora para o cálculo da distribución dos fondos rexionais comunitarios) en 2014. Nestes últimos anos sitúase de novo levemente por riba do 75 %, o que compromete a recepción futura de parte dos fondos.
- O **Norte de Portugal**, igual que o conxunto de Portugal, amosa un comportamento estacionario nestas dúas décadas, aínda que tamén resulte patente o impacto da crise post-2007. Sitúase sempre lonxe da media comunitaria e por debaixo do limiar do 75 %, o que garante a recepción de fondos comunitarios de desenvolvemento rexional.

A UE dedicou un esforzo continuado á procura da eliminación das barreiras fronteirizas interiores, que lle afectan directamente ao 38 % da poboación comunitaria. Alén dos precedentes, é sobre todo na década de 1990 cando esta política se institucionaliza ao abeiro do **programa INTERREG**, destinado ás rexións fronteirizas. Calcúlase que de 1990 a 2013 este recibiu 18.177 millóns de euros e as previsións globais para 2014-2020 achéganse á metade desta cifra. Orixinalmente, só territorios NUTS III próximos á fronteira se puideron beneficiar destes fondos (por exemplo, o Alto Minho en Portugal e a provincia de Pontevedra en Galiza), mais nos últimos períodos de programación toda a Eurorrexión se

Variación da porcentaxe de España, Galiza, Norte de Portugal e Portugal en relación coa media comunitaria do PIB per cápita, 2000-2017



Fonte de elaboración propia a partir de Eurostat (2018)

² Para facilitar a lectura dun texto desta natureza evítanse as referencias bibliográficas. Este apartado baséase en Wasenberg e Reitel (2015), Paül et al. (2017) e Strandell e Wolf (2018), así como no tratamento de datos obtidos de Eurostat (<https://ec.europa.eu/eurostat>), dos institutos nacionais estatísticos español (<http://ine.es/>) e portugués (<https://www.ine.pt/>) e do portal dos AECT do Comité das Rexións (<https://portal.cor.europa.eu/egtc/>).

beneficiou de INTERREG. Isto tendeu a afastar do territorio estritamente fronteirizo boa parte dos fondos comunitarios dedicados á cooperación transfronteiriza.

Os fondos INTERREG beneficiaron no inicio só as rexións fronteirizas pero na actualidade repártense en ámbitos territoriais máis abranguentes, o que tende a afastalos do territorio estritamente fronteirizo

Desde o segundo período INTERREG a finais da década de 1990 a UE convidou as rexións fronteirizas participantes a institucionalizárense e formalizárense para garantir a continuidade nos proxectos de cooperación. A fórmula xurídica que se acabou deseñando para permitilo son os **agrupamentos europeos de cooperación territorial** (AECT), instituídos mediante lexislación comunitaria específica: o Regulamento 1082/2006, modificado polo Regulamento 1302/2013. Os AECT constitúen, de feito, a nova manifestación do proceso aberto na década de 1960, coa creación das primeiras rexións transfronteirizas (algunhas delas en orixe chamadas eurorrexións). Na actualidade existen 70 AECT constituídos, entre os cales:

- No territorio Galiza-Norte de Portugal destaca o AECT para o conxunto eurorrexional, que comezou a traballar en 2010 pero que provén dunha experiencia de colaboración con case dúas décadas de historia, naquela altura, en forma de Comunidade de Traballo (creada en 1991)
- Desde 2013 existe un AECT entre dous concellos interiores (Chaves e Verín), denominado Eurocidade

- Desde 2018 o territorio abranguido pola Estratexia 2030 conta cun AECT de seu: Rio Minho

3.2 A EURORREXIÓN GALIZA-NORTE DE PORTUGAL³

A Eurorrexión conta na actualidade (datos de 2018) con case **6,3 millóns de habitantes**, o 11 % da poboación da península ibérica no 8,5 % do seu territorio. Isto evidencia en termos xerais unha maior densidade demográfica que o conxunto peninsular, o que é coherente coa litoralización da poboación ibérica. A litoralización é un fenómeno territorial xeneralizado polo cal o interior peninsular tendeu a baleirarse a favor das zonas costeiras ao longo do tempo.

En 2018, **o 57 % da Eurorrexión vive no Norte de Portugal e o 43 % en Galiza**. Porén, as proporcións territoriais son opostas: **o 58 % do territorio eurorrexional é galego, mentres que o 42 % pertence ao Norte de Portugal**. Isto implica que, en termos xerais, a densidade de poboación sexa significativamente maior no lado portugués da fronteira que no galego. Como se pode ver no cadro adxunto, nas últimas tres décadas as proporcións entre os dous lados da fronteira mantéñense estábeis.

Este cadro, e tamén os mapas, evidencian a litoralización referida a escala eurorrexional: os territorios interiores (Douro, Lugo, Ourense, Terras de Trás-os-Montes etc.) tenden a baixar a súa participación na demografía eurorrexional, mentres que os litorais (Área Metropolitana do Porto, Ave, A Coruña, Pontevedra etc.) a incrementan. A única excepción neste sentido é o Alto Minho, que, malia ser costeiro, perde poboación tanto en termos absolutos coma relativos. Así pois, trátase dun territorio de comportamento demográfico excepcional na franxa occidental da Eurorrexión.

³ Este apartado baséase en Instituto Lawrence R. Klein (1999), Alonso e Lois (2003), Lois (2004), Nordregio (2005), Florida (2008), Paül e Pazos (2009), Rio Fernandes (2014), Marull e Boix (2016), Pardellas e Padín (2017), Paül et al. (2017) e Vives e Paül (2018), así como no tratamento de datos obtidos de Eurostat (<https://ec.europa.eu/eurostat>) e dos institutos nacionais estatísticos español (<http://ine.es/>) e portugués (<https://www.ine.pt/>).

Variación demográfica de Galiza e o Norte de Portugal, por NUTS II e NUTS III, 2000-2017

NUTS III e NUTS II	1991		2001		2011		2018	
A Coruña	1.097.942	17,69	1.095.881	17,18	1.140.071	17,63	1.121.417	17,86
Lugo	385.194	6,20	359.818	5,64	349.523	5,40	331.492	5,28
Ourense	355.065	5,72	339.681	5,33	330.017	5,10	309.314	4,93
Pontevedra	897.356	14,45	902.645	14,15	953.800	14,75	940.926	14,98
GALIZA	2.735.557	44,06	2.698.025	42,30	2.773.411	42,89	2.703.149	43,05
Alto Minho	250.059	4,03	249.667	3,91	245.306	3,79	232.178	3,70
Cávado	353.267	5,69	391.936	6,15	410.383	6,35	403.953	6,43
Ave	389.367	6,27	425.433	6,67	425.720	6,58	413.854	6,59
Á.M. Porto	1.595.762	25,70	1.727.529	27,09	1.761.075	27,23	1.719.702	27,39
Alto Tâmega	112.511	1,81	104.580	1,64	94.391	1,46	87.157	1,39
Tâmega e Sousa	401.820	6,47	433.252	6,79	433.340	6,70	418.768	6,67
Douro	237.238	3,82	220.375	3,46	205.574	3,18	192.046	3,06
T. Trás-os-Montes	132.691	2,14	126.969	1,99	117.796	1,82	108.547	1,73
NORTE DE PORTUGAL	3.472.715	55,94	3.679.741	57,70	3.693.585	57,11	3.576.205	56,95
TOTAL	6.208.272		6.377.766		6.466.996		6.279.354	

Fonte: elaboración propia a partir de Eurostat e os institutos nacionais de estatística de España e Portugal (2018)


A litoralización demográfica coincide na Eurorrexión coa conformación do **eixo urbano atlántico galego-portugués**. Este articula as grandes áreas metropolitanas do noroeste peninsular (Porto, Vigo e A Coruña), as áreas urbanas de cidades situadas a unha certa distancia das primeiras pero ao mesmo tempo moi relacionadas (Braga, Ferrol, Pontevedra etc.), realidades urbanas que funcionan de forma máis autónoma dentro do eixo (Santiago de Compostela, Viana do Castelo, Vilagarcía de Arousa etc.) e áreas moi urbanizadas coma O Salnés ou os baixos vales do Ave e do Cávado. Este eixo está articulado en Galiza pola autoestrada AP9 e no Norte de Portugal pola A3, que forman parte da ruta europea E01 (de Larne/Latharna, Irlanda do Norte, a Sevilla, España). En termos ferroviarios, na práctica só existen altas prestacións no treito da Coruña a Vigo, de xeito que a fronteira impediu un desenvolvemento neste eido.

No mapa das densidades demográficas pódese seguir este eixo urbano sen interrupcións de Ferrol cara ao sur. Destaca claramente a concentración da **Área Metropolitana do Porto**. Desde a perspectiva administrativa a NUTS III homónima (xestionada por unha área metropolitana institucionalizada), sitúase por riba dos **1,7 millóns de habitantes**. No entanto, desde unha óptica abrangente, considérase que as rexións NUTS III do Ave e do Cávado –é dicir, Braga e Guimarães e cidades próximas (Barcelos, Famalicão etc.)–, así como Aveiro (xa administrativamente fóra do Norte), tamén participan da realidade metropolitana portuense, o que supera globalmente os **3 millóns de habitantes**. De feito, a Área Metropolitana do Porto é unha das principais metrópolis da UE. Por exemplo, Porto foi clasificada como unha das 76 Metropolitan European Growth Areas de acordo co programa europeo ESPON.

O Río Miño Transfronteirizo sitúase no centro do eixo urbano atlántico galego-portugués

Desde determinadas instancias considérase que a dinámica territorial do eixo urbano atlántico galego-portugués non se interrompe en Aveiro polo sur, senón que segue até a rexión urbana de **Lisboa**. Na controvertida cartografía de Richard Florida de doce megalópoles europeas todo este eixo urbano litoral galego-portugués foi identificado como un só

Densidade de poboación no 2017 e variación da poboación entre o 2000 e o 2017 dos concellos de Galiza e o Norte de Portugal



Fonte: elaboración propia a partir dos institutos nacionais de estatística de España e Portugal (2018)

conxunto de máis de **9 millóns de habitantes**. De acordo con este autor, na península ibérica só existen outros dous espazos urbanizados homologábeis: o eixo urbano mediterráneo (con máis de 27 millóns de habitantes, sumando varias cidades do sueste de Francia) e Madrid (con máis de 5 millóns de habitantes).

A contraposición entre o interior e o litoral da Eurorrexión tamén se traslada á dinámica demográfica das últimas dúas décadas: os **concellos interiores** compórtanse de **forma recesiva** e están **avellentados**, agás algunha excepción urbana puntual, mentres que os **litorais** teñen un **comportamento expansivo** e unha **poboación máis nova**, en concreto as **coroas metropolitanas do Porto, Vigo, A Coruña, Santiago de Compostela etc.** Así, os concellos que máis tenden a medrar non son os centrais das respectivas áreas metropolitanas, senón os periféricos, como se evidencia no caso de Vigo, con crecementos demográficos moi significativos en concellos do Baixo Miño ou do Condado, na fronteira galego-portuguesa ou moi preto dela.

En termos demográficos, a dinámica viguesa non cruzou o río Miño cara ao sur, aínda que resulta obvio que lle afecta economicamente. Así, desde finais dos anos 1990 xa se sinalou que os concellos do Alto Minho gravitan desde un punto de vista comercial cara a Vigo. Porén, nos últimos anos, o reforzamento do papel comercial de Braga e a mellora das comunicacións co Porto –a A3 foi concluída en 1998 e a A28 rematouse no seu actual percorrido a comezos do século XXI– puideron modificar as xeografía comerciais de boa parte destes concellos, igual que dos galegos do Río Miño Transfronteirizo, de xeito que bascularon cara ao sur. En todo caso, delimitar o **fenómeno metropolitano vigués** resulta un asunto complexo tanto por razóns de índole política (a área metropolitana administrativa das leis 4/2012 e 14/2016 non se corresponde co ámbito funcional) coma pola súa inserción no eixo urbano atlántico, sen solución de continuidade. A maior parte dos autores consideran que supera o **medio millón de habitantes**, mais outros opinan que excede o millón.

Tamén desde o punto de vista manufactureiro, o Alto Minho recibiu nos últimos anos **industrias relocadas** desde o sector central da Área Metropolitana de Vigo, como no pasado fixera o concello do Porriño, cuxo polígono das Gándaras de Budiño foi inaugurado en 1967, ou se planifica que ocorra coa Plataforma Loxística de Salvaterra-As Neves (PLISAN), cuxa primeira fase se comezou a executar en 2015. Como resulta evidente, as intensas relacións industriais, sociais, culturais e económicas da Eurorrexión teñen o seu epicentro no **territorio do Río Miño Transfronteirizo**.

Por ese motivo, existe unha **vontade de cooperación territorial** a esta escala do **Río Miño Transfronteirizo** desde hai décadas. Antes do AECT Río Minho, constituído como se dixo en 2018, existiron xa iniciativas neste sentido que son os precedentes de como a Eurorrexión se articula de forma máis intensa no ámbito territorial estritamente transfronteirizo:


- **Unimiño:** desde 2005, os concellos do curso máis baixo do río Miño asinaron un acordo de colaboración entre dúas entidades supramunicipais: a Comunidade Intermunicipal do Vale do Minho (que integraba cinco concellos portugueses: Melgaço, Monção, Paredes de Coura, Valença e Vila Nova de Cerveira) e a Deputación de Pontevedra (en representación dos concellos de Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, A Guarda, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneario, Oia, Pontearreas, O Porriño, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui).
- **Eurociudades** nun sentido bilateral, entre concellos veciños. A partir do referente Chaves-Verín, asináronse as eurociudades Valença-Tui (2012), Monção-Salaterra (2017) e Tomiño-Cerveira (2018). A diferenza do precedente interior, nestes casos optouse por non institucionalizar novos AECT bilaterais, de xeito que o AECT só se articula a unha escala de conxunto. As eurociudades teñen como obxectivo agruparen recursos a través da planificación e xestión conxunta de servizos e equipamentos comúns nos concellos fronteirizos.

4 ANÁLISE TERRITORIAL⁴

A análise realizada responde ás necesidades estratéxicas do proxecto de cooperación no que se enmarca. Así, os elementos analizados procuran caracterizar a realidade do territorio a través dunha síntese de elementos analíticos cuantificábeis, centrada nos ámbitos temáticos da **poboación**, a **estrutura económica**, os **servizos conxuntos existentes**, a **mobilidade** e, finalmente, os **recursos naturais**, onde o río Miño se subliña como eixo vertebrador e elemento de singularidade territorial.

4.1 POBOACIÓN

Poboación total por concellos, 2017




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)

Poboación total e densidade de poboación

O territorio do Río Miño Transfronteirizo ten unha superficie de 3.313 km² e conta cunha poboación total de 366.482 habitantes (todos os datos de poboación se refiren a 2017). Neste conxunto existen diferenzas relevantes por concellos, tanto en termos de superficie municipal como de poboación, como se pode ver nos mapas e cadros adxuntos neste apartado. En canto á superficie territorial municipal débese destacar a diferenza de tamaño que se atopa dun lado a outro do río: os concellos portugueses

⁴ Mentres non se indique o contrario, os datos estatísticos mencionados proveñen dos institutos nacionais estatísticos español (<http://ine.es/>) e portugués (<https://www.ine.pt/>) e do Instituto Galego de Estatística (<http://ige.eu/>).

Densidade de poboación por concellos, 2017



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)

adoitan ser maiores que os galegos. Isto motiva que globalmente a poboación dos segundos sexa, en xeral, menor á dos primeiros.

Por outro lado, a densidade de poboación do territorio do Río Minho Transfronteirizo (110,6 habitantes/km²)

é máis elevada, en termos comparativos, que a media de Galiza e España (91,6 e 92 respectivamente), aínda que inferior á do Norte de Portugal (168,5) e moi similar á de Portugal (111,8). Neste indicador destacan as grandes diferenzas existentes entre, maioritariamente, os municipios litorais occidentais e os interiores orientais.

Evolución da poboación no período 1991-2017


A evolución da poboación global no territorio foi lixeiramente negativa nos anos 1991-2017, de xeito que se reduciu un 2,1 %. Destacan perdas de poboación moi salientábeis na zona interior-oriental, que rozan o 50 % en menos de tres décadas. Asemade, prodúcense importantes incrementos en concellos da segunda coroa periurbana da Área Metropolitana de Vigo, por exemplo Salceda de Caselas, Pontearreas, Tomiño ou O Porriño. Finalmente, existe un grupo de concellos que perden ou manteñen poboación con variacións porcentuais menos significativas.

Superficie, poboación e densidade de poboación por concellos, 2017

CONCELLOS	SUPERFICIE	POBOACIÓN TOTAL	DENSIDADE DE POBOACIÓN	CONCELLOS	SUPERFICIE	POBOACIÓN TOTAL	DENSIDADE DE POBOACION
Arbo	42,9	2.711	63,2	Arcos de Valdevez	447,6	21.324	47,6
A Cañiza	105,0	5.233	49,8	Caminha	136,5	15.971	117,0
Covelo	127,9	2.505	19,6	Melgaço	238,3	8.400	35,3
Crecente	57,5	2.082	36,2	Monção	211,3	18.192	86,1
A Guarda	20,5	10.051	490,3	Paredes de Coura	138,2	8.712	63,0
Mondariz	85,1	4.548	53,4	Ponte da Barca	182,1	11.392	62,6
Mondariz-B.	2,3	627	272,6	Ponte de Lima	320,3	42.060	131,3
As Neves	65,5	3.968	60,6	Valença	117,1	13.437	114,7
Oia	83,3	3.004	36,1	Viana do Castelo	319,0	85.445	267,8
Pontearreas	125,6	22.893	182,3	Vila Nova de Cerveira	108,5	8.880	81,9
O Porriño	61,2	19.600	320,3	RÍO MIÑO TRANSFRONT.	3.313,1	366.482	110,6
O Rosal	44,1	6.328	143,5	ESPAÑA	505.944,0	46.572.132	92,0
S. Caselas	35,9	9.017	251,2	GALIZA	29.574,0	2.708.339	91,6
Salvaterra M.	62,5	9.657	154,5	PORTUGAL	92.226,0	10.309.573	111,8
Tomiño	106,6	13.585	127,4	NORTE DE PORTUGAL	21.278,0	3.584.575	168,5
Tui	68,3	16.860	246,9				

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017)

Variación da poboación por concellos, 1991-2017



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)

Os concellos que incrementan máis a súa poboación forman parte da segunda coroa periurbana da Área Metropolitana de Vigo

Poboación por sexo

Como adoita suceder nas poboacións humanas, no Ría Miño Transfronteiriça a porcentaxe de mulleres (52,6 %) é maior que a de homes (47,4 %). No territorio portugués non hai ningún concello no que a porcentaxe de homes sexa superior ao de mulleres pero si no caso galego, onde algúns amosan porcentaxes similares ou lixeiramente superiores.

Poboación total por grandes grupos de idade, idade media e índice de envellecemento

No Ría Miño Transfronteiriça o grupo de idades comprendidas entre os 0 e os 15 anos é similar ao de Galiza, pero inferior ao de España, Portugal e Norte de Portugal, o que denota escasa presenza de poboación moza no territorio de estudo. Pola contra, o grupo de idades de 65 ou máis anos, ao igual que acontece en Galiza, é superior ao do conxunto de España, Portugal e Norte de Portugal. Dedúcese, polo tanto, un maior envellecemento poboacional neste territorio de análise, en termos comparativos.

Variación da poboación por concellos, 1991-2017

CONCELLOS	VARIACIÓN (%) 1991-2017	CONCELLOS	VARIACIÓN (%) 1991-2017
Arbo	-46,3	Arcos de Valdevez	-21,0
A Cañiza	-34,8	Caminha	-1,5
Covelo	-43,6	Melgaço	-23,8
Crecente	-49,0	Monção	-16,5
A Guarda	-0,4	Paredes de Coura	-16,6
Mondariz	-32,4	Ponte da Barca	-13,3
Mondariz-Balneario	-0,3	Ponte de Lima	-3,1
As Neves	-26,1	Valença	-9,3
Oia	-4,9	Viana do Castelo	2,8
Ponteareas	45,5	Vila Nova de Cerveira	-2,9
O Porriño	29,2	RÍO MIÑO TRANSFRONT.	-2,1
O Rosal	9,5	ESPAÑA	19,8
Salceda de Caselas	57,8	GALIZA	-1,0
Salvaterra de Miño	8,3	PORTUGAL	4,5
Tomiño	32,9	NORTE DE PORTUGAL	3,2
Tui	10,6		

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)

Poboaci n masculina e feminina por concellos, 2017

CONCELLOS	HOMES (%)	MULLERES (%)	CONCELLOS	HOMES (%)	MULLERES (%)
Arbo	51,1	48,9	Arcos de Valdevez	45,4	54,6
A Ca�niza	48,7	51,3	Caminha	45,8	54,2
Covelo	49,7	50,3	Melga�o	43,9	56,1
Crecente	47,9	52,1	Mon�o	45,2	54,8
A Guarda	48,6	51,4	Paredes de Coura	47,4	52,6
Mondariz	49,0	51,0	Ponte da Barca	45,7	54,3
Mondariz-Balneario	52,0	48,0	Ponte de Lima	46,8	53,2
As Neves	48,3	51,7	Valen�a	46,4	53,6
Oia	49,9	50,1	Viana do Castelo	47,0	53,0
Ponteareas	48,7	51,3	Vila Nova de Cerveira	47,6	52,4
O Porri�o	49,2	50,8	R�O MI�O TRANSFRONT.	47,4	52,6
O Rosal	49,1	50,9	ESPA�A	49,0	51,0
Salceda de Caselas	49,9	50,1	GALIZA	48,2	51,8
Salvaterra de Mi�o	49,8	50,2	PORTUGAL	47,4	52,6
Tomio�o	50,3	49,7	NORTE DE PORTUGAL	47,4	52,6
Tui	48,2	51,8			

Fonte: elaboraci n propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estat stica (2017) e do Instituto Nacional de Estat stica (2017)


Estrutura da poboaci n por idades e concellos, 2017

CONCELLOS	0-15	16-64	65 ou +	CONCELLOS	0-15	16-64	65 ou +
Arbo	9,1	56,4	34,5	Arcos de Valdevez	10,2	57,4	32,3
A Ca�niza	11,6	58,1	30,3	Caminha	11,2	63,8	25,0
Covelo	7,7	52,6	39,7	Melga�o	8,6	54,4	37,0
Crecente	5,4	55,8	38,8	Mon�o	9,8	61,0	29,2
A Guarda	12,8	65,6	21,6	Paredes de Coura	11,8	60,2	28,1
Mondariz	9,9	59,5	30,6	Ponte da Barca	11,1	64,4	24,5
Mondariz-Balneario	10,8	64,6	24,6	Ponte de Lima	13,3	65,6	21,2
As Neves	10,8	60,4	28,8	Valen�a	11,7	63,9	24,4
Oia	12,9	63,0	24,1	Viana do Castelo	12,5	65,7	21,7
Ponteareas	16,8	65,9	17,3	Vila Nova de Cerveira	12,1	64,6	23,3
O Porri�o	16,0	68,3	15,7	R�O MI�O TRANSFRONT.	12,8	63,9	23,3
O Rosal	12,9	64,3	22,9	ESPA�A	15,9	65,3	18,8
Salceda de Caselas	18,7	67,1	14,3	GALIZA	12,7	62,7	24,6
Salvaterra de Mi�o	14,1	64,0	21,9	PORTUGAL	14,0	64,9	21,1
Tomio�o	14,0	64,9	21,1	NORTE DE PORTUGAL	13,3	67,2	19,5
Tui	15,1	64,0	20,9				

Fonte: elaboraci n propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estat stica (2017) e do Instituto Nacional de Estat stica (2017)

Existen diferenzas relevantes por concellos. En efecto, atópanse concellos onde a poboación vella chega a case o 40 % dos efectivos demográficos, en concreto na franxa máis interior-oriental (Covelo, Crecente, Melgaço etc.). Pola contra, hai concellos onde a porcentaxe de poboación nova supera as medias de España e Portugal, máis altas que as eurorrexionais. Estes casos onde a poboación nova acada niveis tan altos (Salceda de Caselas, Pontearreas, O Porriño, etc.) débense, de novo, á inserción na dinámica da Área Metropolitana de Vigo, dentro da que se produciron variacións residenciais significativas nas últimas décadas.

Idade media por concellos, 2017




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)

En relación coa idade media da poboación no ámbito territorial do Río Miño Transfronteirizo (46,4 anos), hai que destacar que é superior á de España, Norte de Portugal e Portugal (43,1, 41 e 41,8 anos, respectivamente) e similar á de Galiza (46,8 anos). No caso galego esta realidade repártese heteroxeneamente entre os diferentes concellos, xa que moitos reban os 50 e mesmo os 55 anos e outros non superan os 45 anos, do que se desprende unha idade media moi superior no sector interior-oriental fronte a aqueles concellos directamente relacionados coa dinámica metropolitana viguesa. No territorio portugués esta realidade amosa menos diferenzas xa que, agás Melgaço, todos presentan unha idade media inferior aos 50 anos.

O índice de envellecemento (número de persoas maiores de 65 anos en relación ás persoas de 0 a 15 anos) no territorio de análise é moi superior ao

de España, Portugal e Norte de Portugal, mentres que é lixeiramente inferior ao de Galiza. Neste índice vólvense confirmar as dúas realidades claramente confrontadas entre a demografía costeira-litoral e a interior. Só tres concellos teñen unha poboación estatisticamente considerada non avellentada (Salceda de Caselas, Pontearreas e O Porriño), o que de novo cómpre correlacionar coa dinámica metropolitana viguesa. O resto de concellos presentan graos de envellecemento variábeis e destacan os casos máis extremos de avellentamento: Crecente e Covelo.

Índice de envellecemento, 2017



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)

Conclusións sobre a poboación no territorio do Río Miño Transfronteirizo

Pódense diferenciar dúas grandes realidades demográficas dentro do territorio do Río Miño Transfronteirizo:

- Unha **zona interior-oriental**, especialmente representada polos concellos da Paradanta e por Melgaço, que está caracterizada por baixas densidades demográficas, perda de poboación nos últimos 25 anos e un claro avellentamento, con idades medias altas e índices de envellecemento igualmente elevados. A zona oriental do territorio, montañosa e con estruturas económicas de marcada ruralidade nas que non se atopou unha alternativa á crise do sector agropecuario tradicional, non garante na actualidade a sustentabilidade demográfica.

- Unha **zona costeira-occidental**, caracterizada por altas densidades de poboación, aumento de poboación nos últimos 25 anos, menores idades medias e índices de avellentamento máis moderados. Un caso particular son os concellos da segunda coroa metropolitana de Vigo que forman parte do Río Miño Transfronterizo, onde non hai avellentamento, produto dun saldo migratorio favorábel que se debe á chegada recente de poboación nova.

Do anterior pódese deducir que dentro do territorio do Río Miño Transfronterizo se están a producir dinámicas poboacionais similares ás que ocorren no contexto peninsular e na Eurorrexión. O fenómeno da litoralización motiva que as zonas interiores perdan poboación en beneficio das costeiras, onde se concentran a maior parte dos empregos e dos servizos, de forma que estas últimas actúan como centros de atracción de poboación en detrimento das primeiras.

A zona interior-oriental, con baixas densidades, perda de poboación e un claro avellentamento, contrasta coa zona costeira-occidental, con altas densidades, aumento demográfico e índices de avellentamento máis moderados

Valor engadido bruto por sectores, 2014/2018

COMARCAS/ CONCELLOS	SECTORES NO VEB (%)		
	AGRICULTURA E PESCA	INDUSTRIA E CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
O BAIXO MIÑO	9,2	20,0	70,8
O CONDADO	3,7	25,0	71,3
A PARADANTA	8,9	29,5	61,6
Arcos de Valdevez	1,3	63,4	34,7
Caminha	8,4	41,9	49,6
Melgaço	2,4	11,2	14,2
Monção	4,3	41,7	49,3
Paredes de Coura	2,8	70,0	26,9
Ponte da Barca	5,6	35,4	58,7
Ponte de Lima	2,8	49,3	47,9
Valença	1,4	34,6	63,2
Viana do Castelo	1,5	65,2	33,3
Vila Nova de Cerveira	0,5	72,3	25,2
RÍO MIÑO TRANSFRONT.	4,4	41,3	52,1
ESPAÑA	2,7	23,2	74,1
GALIZA	5,3	25,6	69,1
PORTUGAL	1,9	37,2	60,8
NORTE DE PORTUGAL	1,4	50,5	48,1

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2014), Instituto Nacional de Estatística español (2014) e do Instituto Nacional de Estatística portugués (2018)



4.2 ESTRUCTURA ECONÓMICA E MERCADO DE TRABALLO

Valor engadido bruto

O valor engadido bruto (VEB) total no Río Miño Transfronteirizo é lixeiramente superior no territorio portugués ca no galego. En termos comparativos e por sectores, a agricultura e a pesca teñen maior presenza no territorio de análise que no resto de conxuntos xeográficos (agás con respecto a Galiza, onde o peso do sector primario é algo superior). A industria e a construción contan cunha forte presenza no territorio, superior igualmente á do resto de espazos de comparación (neste caso é unicamente superado polo Norte de Portugal, onde estes sectores supoñen a metade do VEB). Por último, os servizos representan máis do 50 % do VEB no territorio transfronteirizo de análise, moi inferior ao resto de conxuntos xeográficos, só superando o Norte de Portugal mais cunha importancia moi similar.

De todo o anterior revélase a importancia do sector servizos na economía, seguido do sector secundario (industria e construción), aínda que, en comparación coas medias española, portuguesa e galega, o VEB no Río Miño Transfronteirizo se singulariza por un

maior peso relativo do sector industrial e menor dos servizos. En todo caso, o sector primario (agricultura e pesca) conta cun peso modesto.

Solo industrial

O Río Miño Transfronteirizo conta con 9.808.075 m² de solo industrial. Todos os concellos portugueses e os concellos de Arbo, A Cañiza, O Porriño, Salvaterra de Miño e Tui, aos que lles hai que engadir a Plataforma Industrial de Salvaterra–As Neves (PLISAN), aínda en trámites de construción, contan con dotacións deste solo. Hai que salientar que o 33,7 % do solo industrial existente pertence ao Porriño, cuxos polígonos teñen unha relevancia central na Área Metropolitana de Vigo e no sur de Galiza. O resto de concellos presentan porcentaxes modestas, a excepción da potencialidade da PLISAN⁵, que representaría un 16 % do total (1.568.790 m²). En todo caso, a dinámica do solo industrial na zona insírese no conxunto da Área Metropolitana de Vigo, polo que os datos tomados illadamente poden inducir a equívoco.

Deste modo, hai que salientar que case o 50 % do solo industrial do Río Miño Transfronteirizo se concentra en territorio galego e, en concreto, en só dous lugares específicos: O Porriño e a PLISAN. En Portugal o solo industrial está máis repartido.

⁵ Situada nos concellos de Salvaterra de Miño e As Neves, a 35 km de Vigo, conectada mediante a Autovía A52 co porto de Vigo, coa Autoestrada do Atlántico (AP9) e co Norte de Portugal (A55), e en contacto co eixo da liña férrea Madrid-Ourense-Vigo.

Solo industrial por concellos

CONCELLOS	SOLO INDUSTRIAL (m ²)	%
Arbo	52.379	0,5
A Cañiza	301.765	3,1
O Porriño	3.309.363	33,7
Salvaterra de Miño (sen PLISAN)	276.192	2,8
Tui	216.535	2,2
PLISAN	1.568.790	16,0
Arcos de Valdevez	354.377	3,6
Melgaço	50.000	0,5
Monção	99.000	1,0
Paredes de Coura	549.880	5,6
Ponte de Lima	505.922	5,2
Valença	1.010.368	10,3
Viana do Castelo	963.504	9,8
Vila Nova de Cerveira	550.000	5,6
RÍO MIÑO TRANSFRONTEIRIZO	9.808.075	100,0

Fonte: elaboración propia a partir de http://servergis.cesga.es/website/poligono_nuevo/viewer.htm (consulta 16/4/2018)


Por último, a través dunha análise xeográfica territorial baseada na localización industrial, no Río Miño Transfronteirizo pódese observar que os principais centros industriais están situados moi próximos ás principais vías de comunicación por autoestrada. Por unha banda, no eixo Vigo-Porto (AP9, A55 e A3); pola outra, no Vigo-Ourense (A52). Por contra, a franxa costeira e o espazo interior amosan unha menor concentración de solo industrial, principalmente no interior do territorio portugués e no litoral galego. No entanto, no interior miñoto destaca Arcos de Valdevez.

A industria concéntrase no eixo urbano atlántico galego-portugués e no eixo Vigo-Ourense

Turismo: número de establecementos hoteleiros e capacidade de acollida

O número total de establecementos turísticos no territorio do Río Miño Transfronteirizo é de 331. Por concellos, existen notábeis diferenzas. Destaca un grupo que conta con entre 22 e 45 establecementos, en localizacións dispares (na costa, en Viana do Castelo; con predominio dos de turismo rural, en Ponte de Lima e Arcos de Valdevez; e en Tui); un grupo intermedio, maioritario, que presenta cifras que varían entre os 5 e os 16; e, por último, un grupo con representación máis baixa, con 2 ou 3 establecementos. Por outro lado, a capacidade total dos locais turísticos no territorio é de 13.510 prazas. Destacan concellos con capacidade superior ás mil e incluso ás dúas mil prazas (A Guarda, Oia e Viana do Castelo), seguidos dun grupo que presenta cifras intermedias (entre 400 e 900 prazas), mentres que o resto de concellos presenta comparativamente cifras máis baixas, nas que a franxa costeira acada unha importancia salientábel.

Solo industrial por concellos e eixos industriais, 2018



Fonte: elaboración propia a partir de http://servergis.cesga.es/website/poligono_nuevo/viewer.htm

(Proxecto Consolida-Consorcio da Zona Franca de Vigo)


Número de establecementos e capacidade de acoillida aloxativa por concellos, 2016/2017

CONCELLOS	NÚM. DE ESTABELECIMENTOS	CAPACIDADE	CONCELLOS	NÚM. DE ESTABELECIMENTOS	CAPACIDADE
Arbo	7	149	Arcos de Valdevez	35	767
A Cañiza	7	346	Caminha	14	800
Covelo	5	175	Melgaço	14	406
Crecente	4	54	Monção	12	480
A Guarda	13	2.070	Paredes de Coura	12	199
Mondariz	6	96	Ponte da Barca	16	218
Mondariz-B.	2	883	Ponte de Lima	46	811
As Neves	4	36	Valença	10	486
Oia	13	1.392	Viana do Castelo	41	1.719
Ponteareas	8	393	Vila Nova de Cerveira	10	579
O Porriño	12	427	RÍO MIÑO TRANSFRONT.	331	13.510
O Rosal	3	52			
Salceda de Caselas	3	47			
Salvaterra de Miño	3	36			
Tomiño	9	142			
Tui	22	747			

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2016)

En definitiva, no territorio galego hai máis prazas de aloxamento ca no portugués, pero con menos establecementos. Na parte portuguesa predomina unha distribución tanto das prazas como dos aloxamentos máis homoxénea e para o conxunto do territorio transfronteirizo do Miño os concellos situados na costa concentran a maior parte da oferta de aloxamento.

Capacidade de acoillida de aloxamento por concellos, 2016/2017




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2016)

Dimensión das explotacións agrícolas

A dimensión das explotacións agrícolas no territorio do Río Miño Transfronteirizo distribúese nunha porcentaxe moi alta, máis do 90 % delas, con superficies entre as 0,1 e as 5 hectáreas; porcentaxes moi baixas de explotacións con superficies entre as 5 e as 20 hectáreas (que representan o 5,5 % do total); e, por último, explotacións con superficies superiores a 20 e menores de 50 hectáreas ou superiores a 50 hectáreas, con porcentaxes nada representativas, próximas ao 1 %.

No territorio galego a dimensión das explotacións agrarias caracterízase por unha marcada tendencia á pequena propiedade, mesmo superior á media galega e, obviamente, moi lonxe da media española, con propiedades moito maiores. No territorio portugués ocorre o mesmo, xa que presenta porcentaxes moi por riba das de Portugal e similares ao ámbito rexional do Norte de Portugal.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Galego de Estatística (2017) e do Instituto Nacional de Estatística (2015)

Desemprego

A taxa de desemprego é dun 13 % para o conxunto do territorio. Por concellos, oscila entre o nivel máis baixo de Vila Nova de Cerveira, e o máis alto, nas Neves. A pesar de que a taxa de desemprego é moi parella en todo o territorio obsérvase que comparativamente no territorio galego o desemprego adoita presentar cifras máis altas ca no territorio portugués.

Taxa de desemprego, 2016/2017



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (2017), Servizo Público de Emprego Estatal de España (2017) e Instituto Nacional de Estatística (2016)

A autoestrada entre Valena e Tui   o paso fronteirizo m is transitado entre Espa a e Portugal

4.3 MOBILIDADE⁶

Aspectos xerais

No R o Mi o Transfronteirizo a mobilidade   significativamente maior   do resto de treitos da fronteira hispano-lusa. Aproximadamente a metade de todos os movementos que cruzan a raia prod cese entre Galiza e a Rexi n Norte. Por n, a mobilidade interfronteiriza no territorio analizado

  menor que a observada noutros casos europeos onde tam n existen rexions transfronteirizas con relaci ns socioecon micas intensas.

Os datos de Intensidade Media Diaria (IMD) de tr fico indican que o paso fronteirizo pola autoestrada entre Tui e Valena   o m is transitado entre Espa a e Portugal, cuns 15.000 veh culos diarios. En canto   mobilidade laboral, entre 5.000 e 10.000 traballadoras e traballadores despr zanse anualmente por motivos de traballo pola fronteira entre Galiza e o Norte de Portugal, dos cales entre 1.000 e 2.000 son *commuters* que realizan movementos pendulares diarios. Deste xeito, a raia do r o Mi o conv rtese na m is din mica desde unha perspectiva de mobilidade laboral de toda a fronteira entre Espa a e Portugal.

A an lise do tr nsito a trav s dos diferentes pasos fronteirizos entre Galiza e o Norte de Portugal mostra que a maior a entra e sae do pa s veci o o mesmo d a, por estrada (un 95 % do total) e usando un veh culo particular. A oferta de servizos colectivos de pasaxeiros e pasaxeiros   moi escasa. A maior a atravesa a fronteira por raz ns de lecer ou comerciais, mais tam n se rexistra mobilidade obrigada por raz ns de traballo ou residencia.

Infraestruturas de comunicaci n, frecuencias, medios e motivaci ns

Os distintos n cleos de poboaci n situados a ambas as marxes do r o Mi o caracter zanse por acadaren not beis graos de conexi n. Existen distintas pontes e, no caso da Guarda e Caminha, un servizo estacional de transbordador. A continuaci n ind canse as principais infraestruturas de comunicaci n transfronteirizas:

- **Viariais:** as principais v as terrestres de comunicaci n transfronteirizas no Mi o aparecen na t boa adxunta, coas s as caracter sticas principais.

C mpre destacar que case o 50 % dos veh culos que cruzan a fronteira do Mi o o fan polo paso

⁶ Este apartado bas ase en Carballo (2014, 2015) e emprega os traballos do European Employment Services (1999, 2001, 2003) e mais as estat sticas do Observatorio Transfronterizo Espa a-Portugal (<https://www.fomento.gob.es/>). Os datos relativos ao Tren Celta prove nen da p gina web de Comboios de Portugal (<https://www.cp.pt/>).

Uso das infraestruturas viarias sobre o Minho, 2017

PASO FRONTEIRIZO	IDENTIFICACIÓN	INTENSIDADE MEDIA DIARIA (IMD)	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL (%)
Goián-Vila Nova de Cerveira	PO-503	4.328	14,6
Tui-Valença (ponte nova)	A55-IP1 (A3)	14.788	49,7
Tui-Valença (ponte vella)	N550-EN13	3.196	10,7
Salvaterra-Monção	EN101	7.410	24,9
Arbo-Melgaço	PO405-EN202	[sen datos]	[sen datos]
IMD TOTAL	-	29.722	100,0

Fonte: elaboración propia a partir do Observatorio Transfronterizo España-Portugal (<https://www.fomento.gob.es/>)

Tui-Valença (pola ponte nova que comunica a A55 galega coa A3 portuguesa), o que é facilmente comprensíbel ao tratarse dunha autoestrada, con maior capacidade e rapidez que as estradas convencionais. O paso entre Salvaterra de Miño e Monção (que une a PO510 e a N101) tamén representa unha porcentaxe salientábel, xa que un 25 % dos vehículos diarios que cruzan a fronteira utilizan ese vial.

- **Ferrovias:** o ferrocarril que une Galiza e o Norte de Portugal baséase nunha única liña férrea que presta servizos regulares entre as cidades do Porto (Campanhã) e Vigo (Guixar), coñecido na actualidade como Tren Celta. O servizo conta con dúas saídas diarias do Porto

a Vigo, con paradas en Nine, Viana do Castelo e Valença (estas dúas últimas dentro do Río Miño Transfronterizo). Tamén son dúas as saídas diarias de Vigo ao Porto, efectuando parada nos mesmos lugares. A duración por traxecto é de aproximadamente 2 horas e 15 minutos e o tren realiza o cruce fronteirizo pola ponte histórica Tui-Valença. Existen máis circulacións ferroviarias do Río Miño Transfronterizo, mais sen cruzaren a fronteira: no servizo de media distancia Vigo-Ourense-Ponferrada de Renfe (con paradas no Porriño, Guillarei, Salvaterra de Miño, As Neves etc.) e na Linha do Minho de Comboios de Portugal (na que os servizos rexionais paran en quince apeadeiros entre Viana do Castelo e Valença).



- **Aeroportuarias:** no contexto transfronteirizo aeroportuario cabe destacar os aeroportos de Vigo (Peinador) e Porto (Francisco Sá Carneiro), moi próximos ao ámbito do Río Miño Transfronteirizo. Tamén teñen certa influencia os aeroportos de Santiago de Compostela (Lavacolla) e, en moita menor medida, o da Coruña (Alvedro), situado a unha maior distancia.
- **Portuarias:** a nivel portuario destacan os portos de Vigo e Porto (Leixões), próximos ao territorio do Río Miño Transfronteirizo, principalmente a nivel de mercadorías e non a nivel de mobilidade transfronteiriza de persoas. Neste sentido resulta relevante destacar o movemento transfronteirizo en transbordador a través do río Miño entre os concellos da Guarda e Caminha, con diferentes saídas diarias que permiten conectar ambas as dúas marxes do río na súa foz. Tamén cabe mencionar os portos de Santa María de Oia e A Guarda, no territorio galego, principalmente orientados á pesca. No espazo portugués destacan os portos de Caminha e Viana do Castelo, este último coa maior capacidade de todo o territorio do Río Miño Transfronteirizo e con importantes movementos de navíos e de carga. Ademais, existen portos ou peiraos ao longo do río Miño, especialmente utilizados para a pesca fluvial e as actividades deportivas.

O seguinte cadro sintetiza as cuestións principais relativas á mobilidade do territorio analizado.

Desenvolvéronse varias experiencias deportivas e culturais de servizos e equipamentos públicos conxuntos de carácter transfronteirizo

4.4 PROGRAMAS DE SERVIZOS E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS CONXUNTOS EXISTENTES DE CARÁCTER TRANSFRONTEIRIZO⁷

Os programas de servizos e/ou equipamentos conxuntos de carácter transfronteirizo préstanse en común, compartidos ou ben teñen algún tipo de coordinación entre unha Administración pública local galega e outra portuguesa. Resulta de interese reflectir as experiencias xa desenvolvidas, pois constitúen un chanzo de base que é necesario analizar para fundamentar de forma adecuada unha visión de futuro. Entre as diversas opcións existentes pódense mencionar as seguintes:

- No eido deportivo, as piscinas de Vila Nova de Cerveira e Valença, utilizadas por usuarias e usuarios galegos

A mobilidade no Río Miño Transfronteirizo

FRECUENCIA DE DESPRAZAMENTO	MEDIO DE TRANSPORTE	MOTIVACIÓN PARA CRUZAR A FRONTEIRA
<ul style="list-style-type: none"> • 40.000 vehículos cruzan a fronteira galaico-lusa a diario • 5.000-10.000 traballadoras e traballadores cruzan a fronteira galaico-lusa ao ano • Mobilidade alta na dimensión comparativa peninsular • Mobilidade non relevante na comparativa europea 	<ul style="list-style-type: none"> • O coche é o medio máis utilizado para cruzar a fronteira (>80 % dos casos) • Falta de alternativas de transporte público • Ferry (10 %): Caminha–A Guarda • A pé (<10 %): Valença–Tui 	<ul style="list-style-type: none"> • O laboral non é o motivo principal • As compras ou o lecer son os motivos principais (>60 %) • Diferenza de prezos nos combustíbeis • Motivación principal para as e os galegos: o lecer • Motivación principal para as e os portugueses: as compras

Fonte: elaboración propia a partir de Carballo (2015), European Employment Services (EURO-EURES) (1999, 2001, 2003) e o Observatorio Transfronterizo España-Portugal (<https://www.fomento.gob.es/>)

⁷ Os datos relativos á Eurocidade Cerveira-Tomiño recolléronse da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira e do Concello de Tomiño (2018).

- No eido musical, o Conservatorio de Tui e a Escola de Música de Tomiño, utilizados por usuarias e usuarios portugueses

En Vila Nova de Cerveira e Tomiño a poboación valora moi positivamente o desenvolvemento deste tipo de iniciativas transfronteirizas, pois considera que serven para mellorar a súa calidade de vida. Neste sentido, a poboación local valora que o feito de vivir nun territorio fronteirizo implica oportunidades, de xeito que iniciativas desta natureza xeran un sentimento de proximidade entre as dúas marxes do río. No caso da Eurocidade Cerveira-Tomiño, e alén da piscina de Vila Nova de Cerveira, xa mencionada, cómpre destacar:

- Os programas conxuntos para as e os nenos e a mocidade
- Os programas de atención a persoas maiores
- O uso dos diferentes tipos de equipamentos municipais para a poboación de ambos os dous concellos (ludotecas, bibliotecas, centros de día etc.)
- Os espazos deportivos de uso compartido
- Os programas culturais conxuntos
- O programa de apoio ao emprendemento

Débense salientar tamén as diferentes actividades deportivas conxuntas que se están desenvolvendo nos últimos anos no contexto transfronteirizo da Eurocidade Valença-Tui. Nese ámbito funcionou unha axenda moi estruturada con todo tipo de competicións e eventos deportivos, que van desde andainas e torneos de distintas modalidades deportivas (tenis, BTT etc.) até actividades nocturnas e de río, entre outras.

Compartir servizos e equipamentos entre os dous lados da fronteira (mobilidade, sanidade, educación formal etc.) vese freado por dificultades de tipo normativo e administrativo e, nalgúns casos, por mor das diferenzas nos niveis competenciais que os xestionan. Asemade, existen contrastes de hábitos e procedementos. En xeral, os centros decisores con competencias sobre servizos e equipamentos que potencialmente se poderían concibir de forma

conxunta e transfronteiriza atópanse lonxe da fronteira e, ademais, detéctanse procedementos excesivamente burocratizados que comprometen avanzar en moitos dos eidos, como ocorre, por exemplo, no que se refire á mobilidade de poboación en idade escolar para actividades educativas organizadas por colexios e institutos á outra banda da fronteira.

4.5 RECURSOS NATURAIS⁸

O río Miño como elemento central do territorio transfronteirizo

O río Miño representa o elemento diferenciador principal deste territorio transfronteirizo, con gran relevancia non só desde un punto de vista ambiental senón tamén social, económico e cultural. A súa achega ao territorio, polo tanto, non se limita a ofrecer uns servizos ecosistémicos de primeiro nivel (biodiversidade, presenza estábel do recurso auga etc.), senón que abrangue connotacións históricas, patrimoniais e culturais en todos os concellos da fronteira ribeirá. Tampouco se pode esquecer o papel chave do río na economía que dá lugar a unha serie de actividades económicas particulares da área: pesca, restauración etc.

Desde un punto de vista ambiental, o río Miño constitúe un elemento ecolóxico e paisaxístico indiscutíbel do territorio. Ao seu redor xérase o esteiro do Miño na súa foz (humidal compartido entre Galiza e o Norte de Portugal que representa un ecosistema importante para a avifauna) e a zona protexida do Baixo Miño, que está categorizada como parte da Rede Natura 2000 (Lugar de Importancia Comunitaria en orixe, hoxe Zona Especial de Conservación, e Zona de Especial Protección para as Aves, de acordo coa Directiva 92/43/CEE) e, mediante a lexislación galega, como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (Lei 9/2001). A superficie protexida é de 2.791,64 ha. Este ámbito tamén está incluído no inventario de augas importantes para a ictiofauna (de acordo coa Directiva 78/659/CEE).

⁸ Este apartado baséase en Antunes (2012), Lobo (2012), Pacheco (2013), Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (2016) e García Vázquez *et al.* (2018).



Por outro lado, desde un punto de vista sociocultural, o río Miño está presente no imaxinario local pola súa historia pasada e presente, como elemento de unión e separación, ademais da gran relevancia que ten como espazo de fronteira entre Galiza e Portugal. Son moi relevantes tamén as cidades fortificadas situadas neste territorio, asociadas directamente ao río como liña de fronteira, ademais dalgunhas mostras de arquitectura e elementos populares ou de arte sacra de interesante interpretación histórica e patrimonial relacionadas co río.

Hai que salientar que no río Miño a pesca fluvial é unha actividade complementaria moi relevante para as ocupacións principais das e dos habitantes do territorio. Especies como a lamprea, concentrada en 30 km de río, capturada desde a época romana de forma artesanal e aínda hoxe pescada de forma pouco profesionalizada, segue a ser moi prezada na actualidade.


Tampouco se pode obviar a importancia e a potencialidade que o río Miño presenta para desenvolver actividades turísticas, principalmente as relacionadas co campo do turismo de natureza.

O río Miño é o elemento diferenciador principal do territorio transfronteirizo

A bacía e o treito internacional do río Miño

Desde o seu nacemento até a súa foz, entre as localidades fronteirizas da Guarda e Caminha, o río Miño percorre 316,63 km. Co seu afluente principal, o Sil, posúe unha bacía de 17.619 km². Só unha parte cativa desta é considerada bacía internacional. Nela, a altitude varía desde o nivel do mar, na zona costeira e o esteiro do Miño, até máis de 1.000 m, especialmente nas serras orientais que a separan do sector interior da bacía do mesmo río: as serras da Peneda e Castro Leboeiro, en Portugal, ou as do Faro de Avión e do Suído, en Galiza. A máxima altitude dáse na serra da Peneda, concretamente no monte de Outeiro Alvo, situado no límite entre os concellos de Melgaço (freguesía de Lamas de Mouro) e Arcos de Valdevez (freguesía de Gavieira), con 1.314 m de altitude. Con todo, o perfil de frecuencias altimétricas revela que o 50 % do territorio da bacía se atopa entre os 0-300 m de altitude, mentres que menos do 20 % se encontra por riba dos 600 m.

O sector occidental da bacía do río Miño e o territorio do AECT Río Miño



A bacía internacional, no territorio español, está xestionada como Demarcación Hidrográfica Miño- Sil (DHMS), dependente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CH Miño-Sil). A parte portuguesa está dentro da denominada Região Hidrográfica do Minho e Lima (RH1), xestionada pola Administração da Região Hidrográfica do Norte (ARH do Norte).

Ao tratarse dunha bacía transfronteiriza, a xestión integrada por ambos os dous países cumpre coa directiva marco da auga e réxese polos acordos existentes derivados do Convenio de Albufeira, asinado nesa cidade lusa polos gobernos de España e Portugal en 1998, en vigor desde o 17 de xaneiro do 2000, co obxectivo de protexer as augas e potenciar o aproveitamento dos recursos hídricos transfronteirizos. Segundo o Documento de coordinación internacional do proceso de planificación 2016-2021 nas demarcacións hidrográficas internacionais compartidas por España e Portugal, o treito internacional do río Miño divídese en cinco seccións: tres clasificadas como río e dúas consideradas como augas de transición (correspondentes ao esteiro). Ademais do río Miño propiamente e do seu esteiro, tamén se identifican como augas internacionais a zona costeira da foz e o primeiro afluente do tramo internacional (o río Troncoso).

En todo caso, o carácter fronteirizo do río Miño incide negativamente na súa planificación e xestión conxuntas. Actúan neste eido tamén os custos de contexto habituais dos territorios transfronteirizos.

O río Miño internacional divídese nun treito fluvial e noutro de esteiro e foz

Usos do solo, paisaxe e vexetación da bacía internacional do Miño

A complexidade do relevo, así como as características bioclimáticas do territorio, confírenlle unha elevada diversidade paisaxística á bacía do Miño, que se traduce nunha heteroxénea cobertura do solo do seu territorio:

- A maior parte da bacía (67,8 %) é forestal, e distribúese internamente do seguinte xeito: 54 %, bosques, tanto de coníferas coma de frondosas; 40 %, arbustos; e o 6 % restante, espazos abertos de escasa vexetación. Aprécianse diferenzas nos usos forestais a ambos os dous lados do Miño. Así, o galego está cuberto predominantemente por bosques, excepto na súa parte nororiental (serra do Faro de Avión), mentres que no portugués son máis abondosas as clases arbustivas. As zonas abertas sen vexetación, sobre todo de penedos, sitúanse na área suroriental da bacía, en especial na parte culminante da serra da Peneda, onde o rochedo, o clima máis frío e os incendios recorrentes limitan o desenvolvemento de comunidades vexetais arbóreas e arbustivas.
- O 70 % do solo artificial correspóndese con tecido urbano discontinuo, o que mostra que unha gran parte dos agregados poboacionais na rexión teñen un carácter disperso.
- O 29,1 % das coberturas correspóndese coa agricultura. O 90 % dos solos dedicados á agricultura forman un mosaico de pequenos cultivos, a maioría de tipo anual. A agricultura, polo tanto, é minifundista, moi ligada á estrutura poboacional en forma de núcleos dispersos típica do territorio, o que lle confire un papel esencial na estrutura da paisaxe.
- As masas de auga representan o 1,5 % do total da rexión, mentres que as zonas húmidas, que están representadas por humidaes litorais, un 0,3 %.



As principais zonas urbanizadas, como xa se indicou na análise da poboación, atópanse na zona litoral, no val do Miño e no val do Louro. Pola súa banda, a maior parte de áreas agrícolas atópase ao longo do val do Miño e dos principais afluentes, aproveitando as fértiles terrazas fluviais e as condicións climáticas máis benignas. O interior montañoso da bacia internacional está cuberto por masas forestais e de vexetación natural. En canto ás zonas húmidas, obsérvanse dous humidais principais na zona inferior do esteiro, un en cada beira do Miño, que coinciden coa foz dos ríos Coura e Tamuxe.

Así pois, o mapa de coberturas do solo reflicte a existencia de dous grandes espazos xeográfica e socialmente diferenciados na bacia internacional do Miño:

- A zona costeira e ribeirega, máis poboada, con máis núcleos de poboación e áreas agrícolas máis estensas
- A zona interior e montañoso, cunha menor densidade poboacional, distribuída en núcleos dispersos e cunha agricultura de pequenas manchas illadas nunha matriz forestal

A vexetación autóctona predominante é a típica de zonas de clima atlántico, con dominio de bosques de *Quercus robur* (carballo), aínda que é estraño atopar fragas con esta árbore, dadas as transformacións antrópicas operadas. En todo caso, tamén se atopan especies arbóreas e arbustivas típicas da transición co mundo mediterráneo, coma *Quercus pyrenaica*

(cerquiño), *Quercus suber* (sobreira) e *Arbutus unedo* (érbedo).

Nas ribeiras nas que as transformacións humanas foron menos intensas os bosques higrófilos están dominados por especies coma *Alnus glutinosa* (amieiro), *Salix* sp. (salgueiro), *Fraxinus excelsior* (freixo) e *Betula alba* (bidueiro). Esta última especie tamén se atopa nas zonas máis altas do territorio; nelas, e dado que ten un carácter pioneiro, adoita formar bosques polo xeral non maduros, onde chega a ser dominante. As áreas seminaturais están cubertas por diferentes tipos de formacións arbustivas, resultantes da degradación das formacións arbóreas por mor da gandería e dos lumes recorrentes, formadas esencialmente por *Ulex europaeus* (toxos), o xénero *Erica* sp. (uces) e os xéneros *Genista* e *Cytisus* (xestas).

Principais ameazas sobre o río Miño

O río Miño padece unha serie de ameazas que poñen en perigo a súa conservación e sustentabilidade, algunhas delas directamente relacionadas coa propia dinámica dos ecosistemas que o conforman e outras coa presión antrópica. Así, por exemplo, o río Miño está a ser colonizado por plantas acuáticas invasoras coma *Egeria densa* e *Elodea canadensis*, das que non se coñece o impacto real sobre os recursos vivos do río. A isto hai que engadir que existen tamén problemas de colmatación (area, lama etc.) que provocan dificultades na navegabilidade, entre outros.

É preciso indicar tamén os efectos negativos de diferentes actuacións nas marxes do río e os impactos xerados polos encoros. Puntualmente detectouse sobreexplotación piscícola e, de forma estacional, a concentración de embarcacións de lecer no río.

Os incendios forestais

Entre as principais problemáticas ambientais do Río Miño Transfronteirizo, coma en toda a franxa atlántica ibérica, cómpre subliñar os incendios forestais. Para analízalos, no caso de Galiza, é necesario recorrer aos datos existentes por distritos forestais. Así, o obxecto de estudo enmárcase nos distritos forestais XVII (composto polas comarcas do Condado e da Paradanta) e XVIII (comarcas de Vigo e do Baixo Miño), como se mostra no mapa adxunto. No caso portugués, os datos aparecen agregados para o NUTS III do Alto Minho.

Durante o período 2010-2015 nos distritos galegos analizados arderon 1.030,6 hectáreas anuais de media (474,2 no distrito forestal XVII e 556,4 no distrito forestal XVIII). No caso do Norte de Portugal as hectáreas ardidias de media anual no mesmo período foron 9.363,7 no conxunto de concellos que conforman a área de estudo. Así, a media anual de hectáreas ardidias no territorio do Río Miño Transfronteirizo no período de análise suma un total de 10.394,3 hectáreas cada ano, o que equivale á superficie do concello da Cañiza. Porén, hai que ter en conta que o dato do territorio galego pode

estar infraestimado, dado que na contabilidade de lumes en Galiza se omiten os que non chegan a un determinado limiar.

División territorial para os efectos da xestión dos incendios forestais



Fonte: elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (2018) e do Instituto Nacional de Estatística (2017)





5

DIAGNÓSTICO TERRITORIAL

DAFO (1)

FORTALEZAS

- Existencia de redes e experiencias compartidas na cooperación transfronteiriza e na xestión de fondos europeos desde hai anos (acordos e proxectos comúns, eurociudades etc.)
- Notoriedade e recoñecemento do río Miño a nivel local, eurorrexional e peninsular, o que favorece a implantación de estratexias de diferenciación con respecto a outros territorios
- Historia, identidade e patrimonio cultural comúns que facilitan o recoñecemento interior e exterior tanto no ámbito material (arquitectura, igrexas, castelos etc.) coma no inmaterial (festas, tradicións etc.)
- Recursos naturais de importancia (río Miño, Parque Nacional Peneda-Gerês/Reserva da Biosfera Gerês-Xurés) que permiten desenvolver unha imaxe de destino turístico de natureza, conservación e sustentabilidade
- Litoral atlántico con potencialidades en lecer e deportes náuticos e fluviais que conta con infraestruturas e equipamentos para a súa práctica e desenvolvemento

DEBILIDADES

- Persistencia de barreiras legais e administrativas que non favorecen a integración socioeconómica no territorio, en materia de transportes, saúde, servizos públicos, trámites administrativos, titulacións etc.
- Hai unha desarticulación na implantación das políticas públicas entre os distintos niveis administrativos, tanto intraterritorial como interterritorial (en Galiza, no Norte de Portugal e entre si)
- Escasa oferta de transporte público transfronteirizo, o que non favorece a mobilidade
- Ausencia dunha estratexia definida para o turismo sustentábel que fai que non exista unha clara orientación de futuro para o sector
- Descoñecemento do territorio nos principais mercados internacionais
- Ausencia de estratexias de valorización do patrimonio que pon en risco a súa existencia e o seu coñecemento e potencialidades
- Dificultade para dar resposta a ofertas de emprego cualificado, principalmente en determinadas funcións e profesións
- Despoboamento, forte envellecemento poboacional e emigración, que provocan déficits laborais, en xeral, e da xente nova en particular

DAFO (2)

OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Clima moderado e dispoñibilidade de recursos naturais suceptíbeis de uso económico • Potencial turístico en segmentos de valor engadido medio e alto (por exemplo patrimonial, gastronómico, de natureza etc.) • Mellora integral do ferrocarril, de xeito que se empregue a liña Vigo-Porto como eixo ferroviario efectivo, posta en servizo dos apeadeiros existentes e implantación dun sistema de proximidade ferroviaria • Localización estratéxica no centro da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, de forma que se aproveite o seu rol territorial como rótula entre ambos os dous territorios • É a fronteira ibérica máis transitada, o que pode servir como elemento de atracción para a incorporación de novos servizos e tamén como ferramenta de difusión territorial • Aposta dos gobernos de España e Portugal no desenvolvemento da cooperación transfronteiriza (acordos das cimeiras ibéricas de Vila Real en 2017 e da comisión hispano-lusa de Valladolid en 2018) 	<ul style="list-style-type: none"> • Desinvestimento público (nacional e fondos comunitarios) nas áreas fronteirizas provocado pola entrada na UE de novos socios, os efectos da posíbel saída do Reino Unido e os cambios nos criterios de repartición • A división administrativa e a existencia de múltiples actores político-administrativos descoordinados dificulta a definición dunha estratexia de desenvolvemento común • Competencia exercida por outros destinos turísticos, mesmo na Eurorrexión, nun contexto de continua innovación • Lumes forestais que destrúen os valores naturais e descaracterizan a paisaxe, o que dificulta a defensa dunha imaxe do territorio como un espazo de conservación e sustentabilidade • En determinados sectores existe unha forte competencia de empresas procedentes de terceiros países, especialmente de fóra da UE, o que dificulta dedicar esforzos na cualificación da oferta das empresas e aumentar a capacidade en actividades de maior valor engadido • Alteracións climáticas que obrigan á adaptación produtiva e aumentan o nivel de incerteza na estrutura económica territorial



6

PLAN DE ACCIÓN

VISIÓN: O río Miño é o vector central do desenvolvemento do territorio

EIXOS ESTRATÉXICOS	DESCRICIÓN
GOBERNANZA E PROGRAMAS DE SERVIZOS CONXUNTOS	Crear instrumentos de goberno común do territorio do río Miño que permitan sustentar un catálogo de servizos conxuntos
TURISMO SUSTENTÁBEL E RESPONSÁBEL	Desenvolver un turismo sustentábel e responsábel baseado na preservación e promoción do patrimonio natural, concretamente o río Miño internacional, a fronte atlántica e o patrimonio natural (Reserva da Biosfera)
CULTURA TRANSFRONTEIRIZA	Valorizar a cultura como elemento integrador para a sociedade do territorio transfronteirizo
MOBILIDADE SUSTENTÁBEL	Favorecer a mobilidade transfronteiriza como contributo á redución das emisións de CO ₂ do territorio do Río Miño Transfronteirizo
SUSTENTABILIDADE E ECONOMÍA INNOVADORA	Potenciar a sustentabilidade e a innovación nas actividades produtivas da economía local para garantir a fixación da poboación

EIXO ESTRATÉXICO 1: GOBERNANZA E PROGRAMAS DE SERVIZOS CONXUNTOS

Procúrase consolidar un instrumento de goberno común do territorio Río Miño Transfronteirizo que permita sustentar un catálogo de servizos conxuntos para ofrecerlle á cidadanía. Trátase de favorecer as iniciativas municipais bi ou trilaterais en marcha e auspiciar a creación de novas (públicas e privadas), así como de traballar para eliminar as barreiras existentes ligadas ao contexto fronteirizo, o que debe permitir maximizar as posibilidades de desenvolvemento territorial.

LIÑA DE ACCIÓN 1.1	CONSOLIDACIÓN DO AECT RIO MINHO COMO REFERENTE DA COOPERACIÓN NO TERRITORIO TRANSFRONTEIRIZO
OBXECTIVO 1.1.1	O AECT Río Minho debe actuar como axencia de desenvolvemento do territorio do río Miño, de xeito que lidere a execución da Estratexia 2030
OBXECTIVO 1.1.2	Crear instrumentos de centralización da información do territorio do río Miño
OBXECTIVO 1.1.3	O AECT Río Minho debe actuar como instrumento para a consecución de fondos, concretamente europeos
OBXECTIVO 1.1.4	O AECT Río Minho debe liderar a cooperación territorial no ámbito abranguido
LIÑA DE ACCIÓN 1.2	INICIATIVAS MUNICIPAIS BI/TRILATERAIS DE PROGRAMAS DE SERVIZOS CONXUNTOS
OBXECTIVO 1.2.1	Promover a coordinación e a xestión compartida de servizos municipais entre concellos de ambas as dúas marxes
OBXECTIVO 1.2.2	Facilitar o acceso da cidadanía transfronteiriza aos servizos públicos prestados polas administracións municipais
LIÑA DE ACCIÓN 1.3	XESTIÓN DA ELIMINACIÓN DE BARREIRAS LEGAIS E ADMINISTRATIVAS E DOS CUSTOS DE CONTEXTO FRONTEIRIZO DIANTE DOS ORGANISMOS COMPETENTES
OBXECTIVO 1.3.1	Impulsar acordos en materia de sanidade (atención primaria e hospitalaria, ambulancias etc.)
OBXECTIVO 1.3.2	Impulsar acordos en materia de educación (homologación de titulacións etc.)
OBXECTIVO 1.3.3	Impulsar acordos en materia de mobilidade (autorizacións de cruce da fronteira por parte do transporte colectivo e das nenas e nenos etc.)
OBXECTIVO 1.3.4	Impulsar acordos en materia de emerxencias e prevención de riscos (protocolos de actuación e coordinación etc.)
OBXECTIVO 1.3.5	Impulsar que os organismos mixtos de xestión transfronteiriza existentes no ámbito estrito do río acaden funcións de interlocución multinivel para a toma de decisións efectiva
LIÑA DE ACCIÓN 1.4	INCENTIVACIÓN DE REDES NA SOCIEDADE CIVIL E NO EMPRESARIADO A ESCALA DO TERRITORIO DO RÍO MIÑO
OBXECTIVO 1.4.1	Incentivar redes colaborativas na sociedade civil e no empresariado a escala do territorio do río Miño
OBXECTIVO 1.4.2	Promover a igualdade de oportunidades de xénero, idade e capacidade física e intelectual



EIXO ESTRATÉXICO 2: TURISMO SUSTENTÁBEL E RESPONSÁBEL

Preténdese desenvolver un turismo sustentábel e responsábel baseado na preservación e promoción do patrimonio natural, concretamente do río Miño internacional, a fronte atlántica e o patrimonio natural (Reserva da Biosfera). A creación da marca Rio Minho persegue situar este territorio no contexto local, eurorrexional e internacional, o que implica posicionar tanto a marca coma os produtos turísticos conxuntos creados de xeito transfronteirizo. Unha gobernanza adecuada resulta clave no sector turístico, definido como de valor central na estratexia de futuro do territorio do Río Miño Transfronteirizo.

LIÑA DE ACCIÓN 2.1	POSICIONAMENTO DA MARCA RIO MINHO
OBXECTIVO 2.1.1	Implantar a marca Rio Minho como referencia turística conxunta
OBXECTIVO 2.1.2	Levar a cabo unha promoción conxunta sobre a base «Un río, dous países, grandes experiencias»
LIÑA DE ACCIÓN 2.2	IMPULSO DE PRODUTOS TURÍSTICOS CONXUNTOS
OBXECTIVO 2.2.1	Valorizar o anel verde de sendeiros e ciclovías do río Miño, de forma que se favoreza o desenvolvemento dunha rede de sendeiros pedestres coherente no territorio e se complete a rede de ciclovías existente
OBXECTIVO 2.2.2	Desenvolver o produto da rede de fortalezas fronteirizas (circuito turístico das fortalezas)
OBXECTIVO 2.2.3	Desenvolver o produto do turismo náutico, fluvial e marítimo
OBXECTIVO 2.2.4	Desenvolver o produto gastronómico e o enoturístico baseado na D. O. Vinhos Verdes e na D. O. Rías Baixas
OBXECTIVO 2.2.5	Desenvolver o produto do turismo deportivo e de natureza
OBXECTIVO 2.2.6	Implantar homoxeneamente o Camiño Portugués a Santiago no territorio do río Miño (sinalética, albergues etc.)
LIÑA DE ACCIÓN 2.3	GOBERNANZA TURÍSTICA TRANSFRONTEIRIZA
OBXECTIVO 2.3.1	O AECT debe asumir un rol de liderado na temática turística no territorio do Río Miño Transfronteirizo
OBXECTIVO 2.3.2	Planificar e xestionar conxuntamente o turismo: oferta, promoción, información, iniciativas, formación de guías turísticas e turísticos transfronteirizos etc.
OBXECTIVO 2.3.3	Fomentar o turismo inclusivo que responda á diversidade funcional, de idade, de xénero e de sexo

EIXO ESTRATÉXICO 3: CULTURA TRANSFRONTEIRIZA

Trátase de valorizar a cultura como elemento integrador e estruturador do territorio do Río Miño Transfronterizo. Para iso resulta preciso levar a cabo unha promoción da paisaxe e do patrimonio comúns, así como crear unha axenda cultural que permita situar os principais eventos culturais do territorio a unha escala que supere a raia. Asemade, cómpre establecer os mecanismos que posibiliten dar a coñecer os elementos materiais e inmateriais do patrimonio do Río Miño Transfronterizo para promocionar a cultura local e aspirar a acadar recoñecementos de máximo nivel no contexto internacional.

LIÑA DE ACCIÓN 3.1	PROMOCIÓN DA PAISAXE E DO PATRIMONIO COMÚNS
OBXECTIVO 3.1.1	Desenvolver unha consciencia de patrimonio material e inmaterial común no territorio do río Miño
OBXECTIVO 3.1.2	Valorizar a paisaxe transfronteriza do territorio do río Miño
OBXECTIVO 3.1.3	Promover a Candidatura de Patrimonio Mundial da UNESCO para o esteiro do río
LIÑA DE ACCIÓN 3.2	AXENDA CULTURAL COMÚN E EVENTOS CULTURAIS TRANSFRONTEIRIZOS
OBXECTIVO 3.2.1	Promocionar a cultura local, en particular as e os artistas locais, os oficios artesanais e as industrias creativas
OBXECTIVO 3.2.2	Desenvolver unha axenda cultural transfronteriza común que estea presente nas redes e nos medios de comunicación
OBXECTIVO 3.2.3	Promover nos medios de comunicación a información transfronteriza por estrada

EIXO ESTRATÉXICO 4: MOBILIDADE SUSTENTÁBEL

Perséguese favorecer a mobilidade transfronteriza como contributo á redución das emisións de CO₂ do territorio do Río Miño Transfronterizo. Este eixo estratéxico aposta por ferramentas e fórmulas de mobilidade local que permitan superar aínda máis os efectos da fronteira e, asemade, teñan nula ou pouca incidencia no patrimonio natural existente. Tamén a mellora da conectividade do territorio cara ao exterior resulta de gran relevancia para favorecer a mellora da competitividade nos diferentes sectores económicos. Desta forma, preténdese reforzar o territorio desde un punto de vista tanto interno coma externo en termos de mobilidade.

LIÑA DE ACCIÓN 4.1	FÓRMULAS DE MOBILIDADE LOCAL TRANSFRONTEIRIZA
OBXECTIVO 4.1.1	Promover fórmulas sustentábeis de mobilidade local transfronteriza que crucen o río
OBXECTIVO 4.1.2	Continuar coa implantación de infraestruturas que permitan permeabilizar a liña fronteiriza
OBXECTIVO 4.1.3	Fomentar unha mobilidade transfronteriza que responda á diversidade funcional
LIÑA DE ACCIÓN 4.2	CONECTIVIDADE EXTERNA PARA REFORZO DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA
OBXECTIVO 4.2.1	Implantar un ferrocarril de proximidade transfronterizo Vigo-Viana do Castelo que opere con frecuencias de paso axeitadas e para o que se rehabiliten os apeadeiros existentes
OBXECTIVO 4.2.2	Facilitar a conexión co Porto, Vigo e outras cidades galegas do eixo urbano atlántico mediante un tren rápido que pare en Valença e Viana do Castelo e que opere con frecuencias de paso axeitadas
OBXECTIVO 4.2.3	Promover ante as administracións competentes as infraestruturas viarias necesarias para o reforzo da competitividade económica e o transporte público



EIXO ESTRATÉXICO 5: SUSTENTABILIDADE E ECONOMÍA INNOVADORA

Búscase potenciar a sustentabilidade e a innovación nas actividades produtivas da economía local para garantir a fixación da poboación. Situando a sustentabilidade e a conservación no centro do programa de desenvolvemento territorial, cómpre incidir no potencial dos sectores agrícola, pesqueiro, industrial e comercial. Deste xeito, perséguese responder ás ameazas relacionadas co cambio climático, o que debe garantir a continuidade, transformación e resiliencia das diversas actividades produtivas presentes no territorio do Río Miño Transfronteirizo.

LIÑA DE ACCIÓN 5.1	SUSTENTABILIDADE E CONSERVACIÓN DO RÍO E DO TERRITORIO DO RÍO MIÑO
OBXECTIVO 5.1.1	Procurar un uso do territorio e dos recursos naturais compatíbel co desenvolvemento sustentábel
OBXECTIVO 5.1.2	Loitar contra os riscos asociados ao cambio climático
OBXECTIVO 5.1.3	Homoxeneizar os niveis de protección e os criterios de xestión ambiental do río e da súa área de influencia
OBXECTIVO 5.1.4	Coordinar os programas de recuperación ambiental do río
OBXECTIVO 5.1.5	Preservar o contorno natural do esteiro do río
LIÑA DE ACCIÓN 5.2	SECTOR PRIMARIO
OBXECTIVO 5.2.1	Fomentar o uso da marca Rio Minho nos produtos locais
OBXECTIVO 5.2.2	Fomentar a innovación e a viabilidade dos produtos agrarios e forestais do territorio do río Miño: viños, kiwis, plantas ornamentais, produción frutícola etc. para facilitar a fixación da poboación rural
OBXECTIVO 5.2.3	Valorizar as actividades pesqueiras directamente vencelladas ao río
OBXECTIVO 5.2.4	Favorecer a sustentabilidade das actividades pesqueiras marítimas
OBXECTIVO 5.2.5	Impulsar a cooperación entre proxectos empresariais agroalimentarios procedentes das dúas beiras do río
OBXECTIVO 5.2.6	Fomentar a produción de cercanía (km 0)
OBXECTIVO 5.2.7	Xestionar un sistema efectivo de produción, control e limpeza da superficie agraria e forestal que elimine ou minimize os efectos dos lumes
OBXECTIVO 5.2.8	Xerar mecanismos facilitadores do uso dos terreos abandonados para crear economías de escala nas explotacións agrogandeiras
LIÑA DE ACCIÓN 5.3	INDUSTRIA
OBXECTIVO 5.3.1	Facilitar a fixación da poboación a través da promoción do emprego industrial
OBXECTIVO 5.3.2	Aumentar a superficie utilizábel nos concellos de maior desenvolvemento industrial sen afectar a calidade ambiental do territorio transfronteirizo e do río
OBXECTIVO 5.3.3	Promover a formación e capacitación laborais transfronteirizas con homologación en ambos os dous países
OBXECTIVO 5.3.4	Axilizar os trámites de apertura e concesión de licenzas industriais nos concellos galegos
LIÑA DE ACCIÓN 5.4	COMERCIO TRADICIONAL
OBXECTIVO 5.4.1	Favorecer a orixinalidade, a tradición, a modernización e a diferenciación dos comercios do territorio do Río Miño Transfronteirizo para que teñan un maior atractivo sobre ofertas alternativas e permitan soste postos de emprego
OBXECTIVO 5.4.2	Fomentar o asociacionismo entre comerciantes e as accións transfronteirizas conxuntas para visibilizar a oferta comercial

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Alonso, M. P. e Lois, R. C. (dirs.) (2003): *Parques empresariais de Galicia e Norte de Portugal*. Vigo: Consorcio Zona Franca de Vigo.

Antunes, C. (coord.) (2012): *Projecto Natura Miño-Minho, relatório final. Volume 1: Caracterização física e biológica*. Porto: Centro Interdisciplinar de Investigação Marinha e Ambiental.

Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira e Concello de Tomiño (2018): *Amizade Cerveira-Tomiño: Enquisa á cidadanía*. Vila Nova de Cerveira/Tomiño: Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira/Concello de Tomiño.

Carballo, A. (2014): "Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal como saída da crise? Unha análise da mobilidade transfronteiriza". En Vieira, A. e Julião, R. P. (coords.): *A Jangada de Pedra, Geografías Ibero-Afro-Americanas. Atas do XIV Colóquio Ibérico de Geografía*. Guimarães: Universidade do Minho, p. 2514-2520.

Carballo, A. (2015): "A (in)movilidade transfronteiriza: a raia do Miño". En Trillo, J. M. e Pires, E. (eds.): *Fronteras en la investigación peninsular: temáticas y enfoques contemporáneos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 141-159.

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (2016): *Plan Hidrológico 2016-2021 de la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil*. Ourense: Confederación Hidrográfica del Miño-Sil. Recuperado de: <https://www.chminosil.es/es/chms/planificacionhidrologica/plan-hidrologico-2015-2021-vigente-rd-1-2016/80-chms/1359-plan-hidrologico-2015-2021-rd-1-2016> (consultado o 09/01/2019).

European Employment Services (1999): *Estudio sobre los obstáculos a la movilidad de los trabajadores transfronterizos en la eurorregión Galicia-Norte de Portugal*. Valença: EURO-EURES.

European Employment Services (2001): *Necesidades ocupacionais no espacio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal*. Valença: EURO-EURES.

European Employment Services (2003): *Censo de traballadores transfronteirizos Norte de Portugal-Galicia 2003*. Valença: EURO-EURES.

Florida, R. (2008): *Who's Your City? How the Creative Economy Is Making Where You Live the Most Important Decision of Your Life*. New York: Basic Books.

García Vázquez, D. et al. (2018): *Caracterización física y valorización de los recursos naturales de la cuenca hidrográfica internacional del río Miño*. Vigo: Universidade de Vigo. [Traballo realizado pola Universidade de Vigo dentro do proxecto Visit Rio Minho].

Instituto Lawrence R. Klein (1999): *Atlas económico-comercial de Galicia*. Santiago de Compostela: Compostela.

Lobo, F. M. S. (2012): *Gestão integrada da zona estuarina do Rio Minho, no contexto da implementação da DQA*. Porto: Universidade do Porto. [Tese de máster, Facultade de Enxeñaría].

Lois, R. C. (2004): "Estructura territorial de Galicia". En Rodríguez González, R. (dir.): *Os concellos galegos para o século XXI. Análise dunha reestructuración do territorio e do goberno local*. Santiago de Compostela: IDEGA, v. I, p. 101-160.

Marull, J. e Boix, R. (eds.) (2016): "Megaregions i desenvolupament urbà sostenible. Factors estratègics per a l'àrea metropolitana de Barcelona en el context europeu", *Papers. Regió Metropolitana de Barcelona. Territori·Estratègies·Planejament*, 58.



Nordregio (coord.) (2005): *ESPON 111. Potentials for Polycentric Development in Europe. Project Report*. Luxembourg/Stockholm: ESPON/Nordregio.

Pacheco, M. F. D. O. (2013): *Pesqueiras do Rio Minho: valorização do património cultural e gestão de recursos naturais*. Viana do Castelo: Instituto Politécnico de Viana do Castelo. [Tese do Mestrado em Xestión Ambiental e Ordenamento do Territorio].

Pardellas, X. e Padín, C. (2017): “La Eurorregión Galicia-Norte de Portugal y los modelos de cooperación transfronteriza”, *Polígonos. Revista de Geografía*, 29, p. 11-35.

Paül, V. e Pazos, M. (2009): “Els darrers capítols del debat al voltant del mapa immutable de Galícia. Qüestions actuals d'organització territorial gallega”, *Treballs de la Societat Catalana de Geografia*, 67-68, p. 199-229.

Paül, V. *et al.* (2017): “La participación española en la cooperación transfronteriza y territorial europea”. En Farinós, J. e Olcina, J. (eds./coords.): *Geografía regional de España: espacio y comunidades: bases para una regionalización renovada del territorio español*. València: Tirant Humanidades, p. 619-677.

Rio Fernandes, J. A. (2014): “Muitas vidas tem o centro e vários centros tem a vida de uma cidade”. En Lois, R. C. e Miramontes, Á. (eds.): *Reflexiones sobre las ciudades y el sistema urbano en tiempos de crisis*. Santiago de Compostela: Grupo ANTE, p. 131-146.

Strandell, H. e Wolff, P. (2018): *The EU in the World (2018 Edition)*. Luxembourg: Publications Office of the European Union.

Vives, S. e Paül, V. (2018): “Las transformaciones de los sistemas y de los espacios urbanos europeos”. En López Palomeque, F. e Plaza, J. I. (coords.): *Geografía de Europa. Estructuras, procesos y dinámicas territoriales*. València: Tirant Humanidades, p. 205-271.

Wassenberg, B. e Reitel, B. (2015): *Territorial Cooperation in Europe. A Historical Perspective*. Luxembourg: Publications Office of the European Union.

DOCUMENTOS ESTRATÉGICOS ANALIZADOS E LEXISLACIÓN COMUNITARIA CITADA

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (2010): *Plan de Zona Rural de Pontevedra Este y Sur. Provincia de Pontevedra*. Santiago de Compostela: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Recuperado de https://agader.xunta.gal/sites/default/files/documentacion/PDRS/planzona_final_pontevedraestesur.pdf (consultado o 13/06/2018).

Axencia Galega de Innovación e Comissão de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte (2015): *Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal (RIS3T)*. Santiago de Compostela/Porto: Axencia Galega de Innovación/Comissão de Coordinación e Desenvolvemento Regional do Norte. Recuperado de: http://www.ris3Galicia.es/wp-content/uploads/2016/07/RIS3T_GALEGO.pdf (consultado o 10/06/2018).

Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira e Concello de Tomiño (2016): *Axenda Estratéxica de Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño*. Vila Nova de Cerveira/Tomiño: Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira/Concello de Tomiño.

Comissão Europeia (2010): *Europa 2020. Estratègia para um crescimento inteligente, sustentável e inclusivo*. Bruxelas: Comissão Europeia. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:52010DC2020> (consultado o 21/05/2018).

Comissão Europeia (2018): *Proposta de Regulamento do Parlamento Europeu e do Conselho que estabelece disposições comuns sobre o Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional, o Fundo Social Europeu Mais, o Fundo de Coesão e o Fundo Europeu dos Assuntos Marítimos e das Pescas, e regras financeiras para estes Fundos e o Fundo para o Asilo e a Migração, o Fundo para a Segurança Interna e o Instrumento de Gestão das Fronteiras e dos Vistos COM(2018) 375 final*. Estrasburgo: Comissão Europeia. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:52018PC0375> (consultado o 15/06/2018).

Comissão Europeia (2018): *Proposta de Regulamento do Parlamento Europeu e do Conselho que estabelece disposições específicas relativas ao objetivo de Cooperação Territorial Europeia (Interreg), financiado pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional e pelos instrumentos de financiamento externo COM(2018) 374 final*. Estrasburgo: Comissão Europeia. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:52018PC0374> (consultado o 15/06/2018).

Comissão Europeia (2018): *Proposta de Regulamento do Parlamento Europeu e do Conselho relativo ao Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional e ao Fundo de Coesão COM(2018) 372 final*. Estrasburgo: Comissão Europeia. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:52018PC0372> (consultado o 15/06/2018).

Comissão Europeia (2018): *Proposta de Regulamento do Parlamento Europeu e do Conselho relativo à criação de um mecanismo para remover os obstáculos jurídicos e administrativos num contexto transfronteiriço COM(2018) 373 final*. Estrasburgo: Comissão Europeia. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:52018PC0373> (consultado o 15/06/2018).

Conselho (1978): *Directiva 78/659/CEE do Conselho, de 18 de Julho de 1978, relativa à qualidade das águas doces que necessitam de ser protegidas ou melhoradas a fim de estarem aptas para a vida dos peixes*. Bruxelas: Conselho. <https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CONSLEG:1978L0659:20030605:PT:PDF> (consultado o 21/05/2018).



Conselho (1992): *Directiva 92/43/CEE do Conselho, de 21 de Maio de 1992, relativa à preservação dos habitats naturais e da fauna e da flora selvagens*. Bruxelas: Conselho. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:31992L0043> (consultado o 21/05/2018).

Deputación de Pontevedra (2017): *Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Pontevedra 2017-2020*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra/Turismo Rías Baixas. Recuperado de: <https://turismoriasbaixas.com/web/portal-web/plan-estratexico-2017-2020> (consultado o 21/05/2018).

Informal Ministerial Meeting of Ministers responsible for Spatial Planning and Territorial Development (2011): *Territorial Agenda of the European Union 2020. Towards an Inclusive, Smart and Sustainable Europe of Diverse Regions*. Gödöllő: Hungarian Presidency of the Council of the European Union. Recuperado de: https://ec.europa.eu/regional_policy/sources/policy/what/territorial-cohesion/territorial_agenda_2020.pdf (consultado o 21/05/2018).

Parlamento Europeu e Conselho (2006): *Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Parlamento Europeu e do Conselho, de 5 de Julho de 2006, relativo aos agrupamentos europeus de cooperação territorial (AECT)*. Bruxelas: Parlamento Europeu/Conselho. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/?qid=1552085474103&uri=CELEX:32006R1082> (consultado o 21/05/2018).

Parlamento Europeu e Conselho (2013a): *Regulamento (UE) n.º 1299/2013 do Parlamento Europeu e do Conselho, de 17 de dezembro de 2013, relativo às disposições específicas aplicáveis ao apoio prestado pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional ao objetivo da Cooperação Territorial Europeia*. Bruxelas: Parlamento Europeu/Conselho. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:32013R1299&qid=1552085162284> (consultado o 21/05/2018).

Parlamento Europeu e Conselho (2013b): *Regulamento (UE) núm. 1302/2013 do Parlamento Europeu e do Conselho, de 17 de dezembro de 2013, que altera o Regulamento (CE) núm. 1082/2006 relativo aos agrupamentos europeus de cooperação territorial (AECT), no que se refere à clarificação, à simplificação e à melhoria da constituição e do funcionamento desses agrupamentos*. Bruxelas: Parlamento Europeu/Conselho. Recuperado de: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/PT/TXT/HTML/?uri=CELEX:32013R1302&qid=1552085576366> (consultado o 21/05/2018).

Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2014-2020 (2015): *Versão Final: INTERREG V-A Espanha-Portugal (POCTEP)*. Badajoz: Programa de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2014-2020. Recuperado de: http://www.poctep.eu/sites/default/files/documentos/1420/pt_poctep_vf_13_01_15.pdf (consultado o 21/05/2018).

Sociedade de Consultores Augusto Mateus & Associados (2013): *Estratégia & Plano de Ação "Alto Minho 2020"*. Lisboa/Porto: Sociedade de Consultores Augusto Mateus & Associados. Recuperado de: http://www.altominho2020.com/fotos/editor2/planodesenv_altominho_2014_2020.pdf (consultado o 27/04/2018).

Xunta de Galicia e Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (2014): *Plano de Investimentos Conjuntos da Euroregião Galicia-Norte de Portugal 2014-2020*. Santiago de Compostela/Porto: Xunta de Galicia/Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte. Recuperado de: http://www.ccdrn.pt/sites/default/files/pic_vf.pdf (consultado o 10/06/2018).

ORGANISMOS ESTADÍSTICOS CONSULTADOS

EUROSTAT: <https://ec.europa.eu/eurostat>

Instituto Galego de Estatística: <http://ige.eu/>

Instituto Nacional de Estadística (de España): <http://ine.es/>

Instituto Nacional de Estatística (de Portugal): <https://www.ine.pt/>

Observatorio Transfronterizo España-Portugal: <https://www.fomento.gob.es/informacion-para-el-ciudadano/observatorios/observatorios-de-transporte-internacional/observatorio-transfronterizo-espan%CC%83a-portugal>

Servicio Público de Empleo Estatal: <https://www.sepe.es/>

